II. A Valedora do Pobo como comisionada da transparencia	658
1. Reclamacións por incumprimentos en materia de publicidade activa	658
2. Avaliación do grao de cumprimento dos deberes de publicidade	683
III. A Transparencia da Institución do Valedor do Pobo	684
IV. A Comisión da Transparencia	685
1. Os recursos coñecidos pola Comisión da Transparencia	685
2. Criterios da Comisión da Transparencia	687
3. Datos das reclamacións ante a Comisión da Transparencia	690
V. O informe da Xunta de Galicia sobre transparencia	695
VI. Consideracións finais	711
 CAPÍTULO 4. ANÁLISE DO CUMPRIMENTO DO DEBER DE COLABORACIÓN DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS NAS INVESTIGACIÓNS DA INSTITUCIÓN	 713
I. O deber legal de colaboración nas investigacións da institución	715
1. O deber de colaboración, en xeral	715
2. As advertencias urxentes	715
3. As administracións ou órganos aos que se reiterou a petición de informe ata en dúas ocasións e número de queixas en que tal circunstancia se deu	721
 CAPÍTULO 5. AS RESPÓSTAS ÁS RESOLUCIÓNS FORMULADAS POLO VALEDOR DO POBO	 725
I. As respostas das administracións, órganos e empresas de servizos aos que se dirixiu algunha resolución	727
1. Introdución	727
2. Respostas das diferentes administracións, órganos e empresas de servizos ás resolucións do Valedor do Pobo	729
II. Resumo das resolucións do Valedor do Pobo e da súa aceptación polas correspondentes administracións	731

	<u>Páxina</u>
III. As respostas ás resolucións.....	734
- Recordatorios de deberes legais	734
- Recomendacións	735
- Suxestións.....	740
CAPÍTULO 6. RELACIÓNS INSTITUCIONAIS.....	743
I. Introducción	745
II. Comparecencias ante o parlamento de Galicia	745
III. Relacións con organizacións sociais e colaboración institucional	745
a) Reunións con representantes da administración autonómica, municipal e doutros servizos públicos	746
b) Reunións con organizacións sociais e cidadás	748
IV. Encontros e actos oficiais.....	749
V. Actividades de colaboración, divulgación e pedagogía de dereitos	749
1. Grupo de traballo sobre accesibilidade universal	750
2. Actuacións focalizadas á contorna rural	750
3. Traballando na prevención de consumos nocivos dos máis novos	751
4. Avance en dereitos das persoas con discapacidade	751
5. Convenio para asistir a persoas en risco de perder a vivenda.....	752
6. Facendo pedagogía entre a poboación recluída	753
7. Visitas aos concellos	754
8. Desprazamentos dos altos cargos	755
9. Declaracións institucionais	756
10. Publicacións.....	756
VI- Xornadas de coordinación de defensores en Santiago	757
VII- Outras relacións con defensorías	758
VIII- Redes internacionais e programas de cooperación	759
1. Federación Iberoamericana de Ombudsman (FIO)	759
2. Instituto Internacional de Ombudsman (IIO)	761
3. Rede europea de defensores do pobo	763
4. <i>International Association of Language Commisioners</i> (IALC).....	763
IX- Visitas culturais á institución	764
X- Funcionamento e organización da institución	765
1. Formación de persoal.....	765
2. Novo regulamento de organización e funcionamento	765
3. Iniciativa solidaria.....	766
4. Instalación de equipos de reanimación	766
XI- Convenios subscritos pola institución	766
XII- Compromiso coa transparencia.....	767
1. Publicidade activa.....	767
2. Premio á transparencia	769

Páxina

3. Relacións co Consello de Transparencia e Bo Goberno	770
4. Congreso Internacional de Transparencia	771
Anexo. Liquidación do orzamento (artigo 37.4 da Lei 6/84)	773

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.05.2018 Hora: 10:00
Orde do día

2. Textos lexislativos

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.05.2018 Hora: 10:00
Orde do día

- 2.1 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, para remitir ao Congreso dos Deputados, orgánica e transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Xunta de Galicia (doc. núm. 20737, 10/PPLC-000007)

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.05.2018 Hora: 10:00
Orde do día

2.1 20737(10/PPLC-000007)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Proposición de lei, para remitir ao Congreso dos Deputados,
órganica de transferencia da titularidade e competencias da
AP-9 á Xunta de Galicia

Publicación da iniciativa, 219, 29.11.2017



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2017 11:43
Nº Rexistro: 20737
Data envío: 27/11/2017 11:43:15.002

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a través da súa portavoz, ao abeiro do disposto no artigo 163 do Regulamento do Parlamento de Galiza, presenta a seguinte **Proposición de Lei**, para remitir ao Congreso dos Deputados, **Orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Xunta de Galiza**.

Exposición de Motivos

A AP-9 é unha autoestrada de titularidade estatal que abrangue unha parte moi importante do territorio galego, é unha vía vertebral que conecta toda a franxa atlántica e cinco das sete cidades galegas. Porén, a AP-9 continúa a depender do Goberno central, que mantén unha política de peaxes desorbitadas que limitan o acceso a esta vía as persoas con menos recursos, polo tanto, provocando que as persoas con salarios máis baixos circulen por vías máis inseguras, e lastran o desenvolvemento de sectores económicos galegos, pois as nosas mercadorías pagan na práctica un “imposto” por circular. A xestión desta autoestrada por parte do Estado é motivo de controversia, non só polas abusivas peaxes, senón tamén polo deterioro e servizo deficiente que presta a concesionaria, coa complicidade do Goberno central.

Coa finalidade de superar esta situación e xestionar desde Galiza unha das autoestradas máis importantes do punto de vista social e económico, cómpre actuar para acadar a titularidade e transferencia de competencias sobre o réxime xurídico

desta autoestrada, así como o traspaso efectivo das funcións e servizos sobre dita infraestrutura. Así o Estatuto de Autonomía de Galiza establece no seu artigo 27 as materias que son competencia exclusiva do Goberno Galego, fixando no apartado 8 a competencia sobre “Vías férreas e estradas non incorporadas á rede do Estado, con itinerarios que se desenvolvan integramente no territorio da Comunidade Autónoma, e, nos mesmos termos, o transporte efectuado por estes medios ou por medio de cables.” Por outra banda, a Constitución no artigo 148.1.5ª fixa a posibilidade de traspaso en materia de estradas no “percorrido comprendido integramente no territorio da comunidade autónoma e, nos mesmos termos, o transporte levado a cabo por estes medios ou por cable.” Finalmente, no artigo 150.2 da CE habilita ao Estado para transferir ou delegar ás comunidades autónomas, mediante lei orgánica, facultades correspondentes a materias de titularidade estatal que pola súa propia natureza sexan susceptibles de transferencia ou delegación. O propio Estatuto de Autonomía de Galiza, no artigo 27.32 relativo ás competencias exclusivas establece que poden ampliarse o abano competencial a través da transferencia por lei orgánica do Estado.

O proxecto de lei consta de dous artigos, catro disposicións adicionais e unha disposición finais. No artigo primeiro establécese a transferencia da AP-9 á Xunta de Galiza e detállanse as funcións e servizos que pasan a ser de titularidade autonómica. No artigo segundo fíxanse as condicións do traspaso de servizos, que deben contar cos medios materiais e orzamentarios necesarios, instrumentando mediante acordo da Comisión Mixta de Transferencias Estado-Xunta de Galiza e o correspondente Real Decreto de traspaso de servizos. Nas disposicións adicionais primeira e segunda fíxase un prazo de seis meses para a negociación do traspaso efectivo da AP-9 e a conseguinte baixa da AP-9 como integrante da Rede do Estado.

Na disposición adicional terceira, determínase que no caso de rescate da concesión para o ámbito público as obrigas económicas e financeiras serán a conta da Administración Xeral do Estado. Finalmente, na disposición adicional cuarta aclárase que este traspaso non modifica as función e servizos reservados ao Estado no que se refire ao control das fronteiras.

Artigo 1. Transferencia da AP-9

1. Transfírese á Comunidade Autónoma de Galiza a titularidade, as competencias sobre o réxime xurídico da concesión, así como as funcións e servizos até agora exercidos pola Administración do Estado en relación coa AP-9, Autopista do Atlántico.

2. En virtude do disposto na presente Lei, unha vez realizado o traspaso de servizos correspondentes, a Comunidade Autónoma de Galiza terá encomendadas as seguintes funcións:

(i) Autorización da posta en servizo de novos tramos, adaptacións ou reformas dos existentes, así como de enlaces e vías auxiliares da autoestrada.

(ii) A supervisión e inspección do correcto funcionamento da autoestrada, consonte a normativa xeral de estradas e os pregos que rexen a concesión.

(iii) A potestade sancionadora respecto de incumprimentos da concesionaria na explotación da autoestrada.

(iv) As modificacións que afecten ao réxime económico-financeiro da



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2017 11:43
Nº Rexistro: 20737
Data envío: 27/11/2017 11:43:15.002

concesión, en particular no que atinxe ao establecemento, actualización, supresión de tarifas e portaxes, así como a aplicación de programas de desconto, tanto a autorización daqueles que sexan voluntarios a instancias da concesionaria co fin de incentivar o seu uso, como a aprobación normativa dos obrigatorios a instancias do órgano competente en materia de estradas da Comunidade Autónoma para colectivos específicos por motivos económicos ou humanitarios.

(v) A redacción e aprobación de convenios ou addendas aos actuais para recoller novas condicións relativas ao réxime da concesión, así como ampliacións ou reducións da actual.

3. Sen prexuízo do disposto no apartado anterior, a Administración do Estado conservará ao seu cargo respecto á sociedade concesionaria da Autoestrada AP-9 as obrigas con repercusións económicas e financeiras derivadas da aplicación de concesión en vigor que foran motivadas por modificacións adoptadas no período que ostentou a competencia.

Artigo 2. Traspaso de servizos.

O exercicio da competencia transferida debe ser asumido pola Comunidade Autónoma de Galiza no momento en que teñan efectividade a transferencia dos medios materiais e orzamentarios necesarios, instrumentando mediante acordo da Comisión Mixta de Transferencias Estado-Xunta de Galiza e o correspondente Real Decreto de traspaso de servizos.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2017 11:43
Nº Rexistro: 20737
Data envío: 27/11/2017 11:43:15.002

Disposición Adicional Primeira.

O traspaso efectivo regulado no artigo 2 deberá concretarse no prazo máximo de seis meses desde a entrada en vigor da presente Lei.

Disposición Adicional Segunda.

Unha vez efectuado o traspaso efectivo, o Goberno do Estado, mediante Real Decreto, procederá á exclusión e dar de baixa a Autoestrada AP-9 da Rede de Estradas do Estado.

Disposición Adicional Terceira.

A Administración Xeral do Estado asumirá as obrigas económicas e financeiras no caso de que, no exercicio das competencias delegadas na presente Lei, a Comunidade Autónoma acordase o rescate da concesión da autoestrada AP-9 para a súa reversión ao ámbito público.

Disposición Adicional Cuarta.

O traspaso ao que se refire a presente Lei Orgánica non supón modificación ningunha do exercicio das función e servizos reservados ao Estado no que se refire ao control das fronteiras.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2017 11:43
Nº Rexistro: 20737
Data envío: 27/11/2017 11:43:15.002



Disposición final.

A presente Lei Orgánica entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial do Estado (BOE).



BLOQUE
NACIONALISTA
GALIGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2017 11:43
Nº Rexistro: 20737
Data envío: 27/11/2017 11:43:15.002

**ANTECEDENTES LEXISLATIVOS DA PROPOSICIÓN DE LEI
PARA REMITIR AO CONGRESO DOS DEPUTADOS/AS, ORGÁNICA DE
TRANSFERENCIA DA TITULARIDADE E COMPETENCIAS DA AP-9 Á
XUNTA DE GALIZA.**

- Estatuto de Autonomía para Galiza, artigos 27.8 e 27.32
- Constitución de 1978, artigos 148.1.5 e 150.2
- Lei 9/1972, do 10 de maio, de construción, conservación e explotación de autoestradas en réxime de concesión.
- Decreto 215/1973, do 25 de xaneiro, polo que se aproba o prego de cláusulas xerais para a construción, conservación e explotación de autoestradas en réxime de concesión.
- Real Decreto 302/1984, do 25 de xaneiro, polo que se autoriza a creación da “Sociedad Estatal «Empresa Nacional de Autopistas».
- Real Decreto 173/2000, do 4 de febreiro, polo que se aproba o convenio entre a Administración Xeral do Estado e «Autoestradas do Atlántico, Concesionaria Española, Sociedade Anónima», para a construción dun tramo de autoestrada de acceso norte a Ferrol por Fene, Neda e Narón, modifícanse determinados termos da concesión que ostenta dita sociedade e modifícase o Real Decreto 302/1984, de 25 de xaneiro, polo que se autoriza a creación da «Empresa Nacional de Autoestradas, Sociedade Anónima.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2017 11:43
Nº Rexistro: 20737
Data envío: 27/11/2017 11:43:15.002

- Real Decreto 3317/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos do Estado á Comunidade Autónoma de Galiza en materia de estradas.

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2017

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 27/11/2017 11:42:35

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.05.2018 Hora: 10:00
Orde do día

- 2.2 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G.P. de En Marea, relativa ás medidas urxentes de emerxencia social en materia de prestacións económicas para paliar a pobreza enerxética e tendentes á mellora da eficiencia enerxética dos fogares vulnerables.
(doc. núm. 26278, 10/PPL-000015)

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.05.2018 Hora: 10:00
Orde do día

2.2 26278 (10/PPL-000015)

Grupo Parlamentario de En Marea

Proposición de lei relativa ás medidas urxentes de emerxencia social en materia de prestacións económicas para paliar a pobreza enerxética e tendentes á mellora da eficiencia enerxética dos fogares vulnerables

Publicación da iniciativa, 263, 20.02.2018

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa do seu deputado Francisco Casal Vidal e a través do seu voceiro, Luís Villares Naveira, ao abeiro do disposto no artigo 122 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposición de lei, para o seu debate en Pleno, relativa **ás medidas urxentes de emerxencia social en materia de prestacións económicas para paliar a pobreza enerxética e tendentes á mellora da eficiencia enerxética dos fogares vulnerables.**

Exposición de motivos

As propostas relativas a pobreza enerxética xiran ao redor dunha idea central: o acceso á enerxía; do mesmo xeito, que o acceso á vivenda ou á educación, é un dereito da cidadanía. A subministración eléctrica é esencial para unha vida digna e unha condición imprescindible para o exercicio doutros dereitos fundamentais. A alimentación, a educación ou a saúde das persoas son dereitos que se ven afectadas por unha falta de subministración eléctrica adecuada, todo o cal aboca á exclusión social.

Podemos definir a pobreza enerxética como a dificultade ou incapacidade de manter a vivenda nunhas condicións adecuadas de temperatura, así como de dispor doutros servizos enerxéticos esenciais a un prezo xusto.

Isto concretaríase na situación na que se acha un fogar que ten que dedicar máis do 10% dos seus ingresos a alcanzar un nivel satisfactorio de calor na súa vivenda (21 graos na habitación principal e 18 graos nas demais habitacións, segundo a OMS).



A pobreza enerxética está asociada, indubidablemente, á pobreza en xeral. Con todo, hai motivos para pór o acento na pobreza enerxética. O principal é que, en Galicia, a taxa de pobreza enerxética creceu máis rapidamente que a taxa de pobreza xeral nos últimos anos.

Entre 2007 e 2013 os fogares en situación de pobreza xeral multiplicáronse por dous (do 5% ao 10,1%) mentres que os fogares en situación de pobreza enerxética multiplicáronse por tres (do 3,6% ao 9,9%). Estas últimas porcentaxes establécense para os fogares que teñen unha renda dispoñible superior á Renda de Inserción despois de pagar o custo da vivenda e da enerxía. Se considerásemos o concepto da porcentaxe de fogares que teñen que destinar máis do 10% dos seus ingresos a pagar a enerxía, a situación de Galicia sería moito máis grave xa que superariamos o 20% de fogares en pobreza enerxética segundo este criterio (Informe de Economics for Energy de 2014).

O motivo principal é o aumento da factura de electricidade nun 76% durante o mesmo período, os anos da crise, en que ademais os ingresos medios das familias diminuíron.

A pobreza enerxética e a saúde.

Un tema moi preocupante que moitas veces non se contempla é o efecto que o fenómeno da pobreza enerxética ten na saúde: estimase que en 2014 unhas 7.000 mortes prematuras estiveron relacionadas coa pobreza enerxética en España. Esta cifra calculase a partir da taxa de mortalidade adicional de inverno (o número de mortes adicionais nos meses fríos, de novembro a marzo, con respecto ao resto do ano, segundo o INE) e estimando a fracción que é atribuíble á pobreza enerxética (valorada no 30% a partir de datos da OMS). Todo isto sen contar, ademais, con que a pobreza enerxética ten relación con mortes por mala



combustión ou por lumes nas vivendas, relacionadas en moitos casos con instalacións deficientes e con falta de acceso á enerxía.

Impactos na saúde

Os máis graves están asociados á exposición a temperaturas frías e, as súas consecuencias, poden ser severas, especialmente en nenos e anciáns. Seguindo o informe da OMS de 1987, os efectos que unha exposición a determinados rangos de temperatura excesivamente baixos no fogar poden causar son:

- Por baixo de 16°C: Problemas respiratorios.
- Por baixo de 12°C: Problemas circulatorios.
- Por baixo de 5°C-6°C: Risco de hipotermia.

Impacto social

Un efecto da pobreza enerxética máis difuso que o relacionado coa saúde é o impacto social. Trátase dun problema con dúas facetas. Para os adultos a pobreza enerxética adoita sumarse a un problema xa existente de exclusión social. Os axentes sociais constatan casos de fogares nos que a súa incapacidade para afrontar a factura enerxética lévalles a manter a temperatura da vivenda por baixo do mínimo de confort. Isto provoca que, algúns deles, sobre todo os habitados por familias que superan por primeira vez o limiar da pobreza, restrinxan as súas relacións e actividades sociais por medo a que a súa precariedade quede ao descuberto. Para os mozos e adolescentes significa, ademais, barreiras para un adecuado desenvolvemento, especialmente no ámbito educativo. Unhas condicións enerxéticas deficientes no fogar teñen un impacto negativo sobre o rendemento dos estudantes que o habitan.



A pobreza enerxética, en tanto que pobreza, non é só unha disfunción social ou económica, trátase primordialmente dun problema ético que atenta contra a dignidade de todo ser humano que a sofre, a mesma dignidade que a Declaración Universal dos Dereitos Humanos busca protexer. A pobreza enerxética, xeralmente como un elemento máis da pobreza xeral, cerna a capacidade dos membros dun fogar para desenvolverse persoal e colectivamente na sociedade na que viven. Estamos, por tanto, ante unha cuestión de xustiza, e non meramente ante un problema sociopolítico ou socioeconómico.

Como en tantos outros casos, a contraposición da realidade co que está escrito na Constitución Española é dolorosa. No artigo 45 da Constitución Española afirmase que “Os poderes públicos velarán pola utilización racional de todos os recursos naturais, co fin de protexer e mellorar a calidade da vida e defender e restaurar o medio ambiente”. E no artigo 51 enúnciase que “Os poderes públicos garantirán a defensa dos consumidores e usuarios, protexendo, mediante procedementos eficaces, a seguridade, a saúde e os lexítimos intereses económicos dos mesmos”.

A pesar diso, reformas liberalizadoras, como a Lei 54/1997 do Sector eléctrico, eliminaron explicitamente o concepto da subministración eléctrica como servizo público.

As Directivas Europeas (2009/72/CE e 2009/73/CE) din que “En calquera caso, os Estados membros deben garantir a subministración de enerxía necesaria para os clientes vulnerables”. A este respecto, cada un dos Estados membros “definirá o concepto de cliente vulnerable que poderá referirse á pobreza enerxética e, entre outras cousas, á prohibición de desconexión dos devanditos clientes en períodos críticos”.



Ademais, as Directivas Europeas 96/92/CE, 2003/54/CE e 2009/74/CE establecen que “Os Estados membros poderán impor ás empresas eléctricas, en aras do interese económico xeneral, obrigacións de servizo público que poderán referirse á seguridade, incluída a seguridade da subministración, á regularidade, á calidade e ao prezo das subministracións, así como á protección do medio ambiente, incluída a eficiencia enerxética e a protección do clima”.

Con todo, como xa sinalamos, na liberalización do sector que se produciu en España para traspasar estas directivas eliminouse a noción de servizo público cando, a tenor do exposto nas directivas, non era necesario facelo.

Na Declaración Universal dos Dereitos Humanos o acceso á enerxía non está explicitamente recollido, pero o artigo 25 establece que “Toda persoa ten dereito a un nivel de vida adecuado que lle asegure, así como á súa familia, a saúde e o benestar, e en especial a alimentación, o vestido, a vivenda, a asistencia médica e os servizos sociais necesarios”.

Na Observación Xeral número 4 do Comité de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais establécese que “Todos os beneficiarios do dereito a unha vivenda adecuada deberán ter acceso permanente a recursos naturais e comúns: a auga potable, a enerxía para a cociña, a calefacción e a iluminación”.

Debido á íntima relación entre a enerxía e os dereitos humanos, a privación da subministración eléctrica en persoas físicas no seu domicilio habitual non pode someterse exclusivamente ás regras de mercado, nin rexerse pola autotutela privada, senón que é necesario promover algún tipo de protección pública eficaz para garantir os dereitos das persoas.



O ámbito obxectivo das novas medidas establecidas por esta Lei deberá ir máis aló da falta de pagamentos que se produzan nos contratos acollidos ao PVPC ou Tarifa de Último Recurso. Moitos consumidores contratan a subministración eléctrica no mercado libre, a maioría das veces sen sabelo, e non contan con esta garantía, polo que sería conveniente incluír tamén no ámbito de aplicación deste procedemento o caso da falta de pagamentos destes contratos.

É evidente que a transparencia non é suficiente e que os consumidores descoñecen se están no mercado libre, ou son trasladados ao mesmo de maneira fraudulenta ou pouco transparente polas compañías comercializadoras, débenselle dar as mesmas garantías fronte a unha posible falta de pagamento que aos contratos acollidos ao PVPC ou á TUR.

É imprescindible tamén crear un sistema de acreditación da condición de consumidor vulnerable sinxelo, áxil e eficaz. Así mesmo dar publicidade suficiente aos requisitos para acceder á Tarifa Social Enerxética de Galicia e facilitar ao máximo a súa tramitación de maneira que chegue ao coñecemento das persoas afectadas e garanta o acceso a este dereito por toda a cidadanía afectada.

As axudas previstas nesta Lei deben de ser "esenciais", no sentido de que non estarán suxeitas a restricións orzamentarias nin ao partido de quenda no goberno, se non que serán prioritarias fronte a calquera outro gasto na Comunidade Autónoma.

Todas as axudas contempladas nesta Lei consideraranse compatibles co Bono Social aprobado segundo o Real Decreto-lei 7/2016, de 23 de decembro, desenvolvido regulamentariamente segundo o Real Decreto 897/2017, de 6 de outubro. Teñen por obxectivo completar o seu alcance e eficacia para adaptalo á realidade socio-económica de Galicia.



O Estatuto de Autonomía de Galicia establece dentro das súas competencias:

- A asistencial social (Artigo 27)
- O réxime enerxético (Artigo 28)
- A defensa do consumidor e do usuario (Artigo 30)
- O fomento do desenvolvemento económico e social (Artigo 55)

Ademais debe terse en conta a posibilidade que a Sentenza do Tribunal Constitucional 62/2016, de 17 de marzo, reconece ao lexislador autonómico de desenvolver medidas asistenciais consistentes en prestacións económicas tendentes a evitar a interrupción da subministración de electricidade e gas ás persoas vulnerables.

En exercicio das indicadas competencias e para garantir a subministración enerxética aos cidadáns e cidadás e adoptar medidas de aforro a longo prazo, defínense unhas situacións de vulnerabilidade; vulnerabilidade severa e fogares en risco de exclusión que combinan a consideración do nivel de renda das persoas ou unidades de convivencia con outras circunstancias socio-familiares que xustifican unha maior protección. Estas categorías ofrecen aos servizos sociais competentes para a valoración unhas condicións obxectivas, xunto á propia imposibilidade de facer fronte ás facturas enerxéticas, para valorar o acceso á axuda e a contía, que se define en distintos tramos de cobertura segundo a consideración da situación como vulnerable, vulnerable severo e fogar en risco de exclusión. En canto ao procedemento a seguir, establécense dúas vías de acceso á axuda, tanto a instancia dos usuarios afectados como a iniciativa dos propios servizos sociais competentes. Neste sentido, é importante a incorporación das empresas subministradoras á prevención da pobreza enerxética, ao establecer obrigacións de información ao consumidor sobre a existencia destas axudas, así como deberes de abstención durante a súa tramitación que aseguren a



efectividade das axudas. A todo iso hai que unir a previsión dun conxunto de intervencións de microeficiencia destinadas a xerar aforro no consumo enerxético

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1.- Obxecto. Constitúe o obxecto da presente Lei a adopción de medidas de choque para paliar e reducir a pobreza enerxética nos fogares vulnerables da Comunidade Autónoma de Galicia. Con este obxectivo crease a Tarifa Social Enerxética de Galicia que se baseará nunhas axudas proporcionais en función da vulnerabilidade do fogar.

Artigo 2.- Definición de consumidor vulnerable.

1. Para os efectos desta Lei, terá a consideración de consumidor vulnerable o titular dun punto de subministración de electricidade ou gas:
 - a) Que a súa renda ou, no caso de formar parte dunha unidade familiar, a renda conxunta anual da unidade familiar a que pertenza, despois de descontar o custe do alugueiro ou hipoteca da vivenda, sexa igual ou inferior:
 - a 1,5 veces o Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM) de 14 pagas, no caso de que non forme parte dunha unidade familiar ou non haxa ningún menor na unidade familiar.
 - a 2 veces o índice IPREM de 14 pagas, no caso de que haxa un menor na unidade familiar.
 - a 2,5 veces o índice IPREM de 14 pagas, no caso de que haxa dous ou mais menores na unidade familiar.
 - b) Que o propio consumidor e, no caso de formar parte dunha unidade familiar, todos os membros da mesma que teñan ingresos, sexan pensionistas do Sistema



da Seguridade Social por xubilación ou incapacidade permanente, percibindo a contía mínima vixente en cada momento para as ditas clases de pensión, e non perciban outros ingresos.

2. Os multiplicadores de renda respecto do índice IPREM de 14 pagas establecidos no apartado 1.a) incrementaranse, en cada caso, en 0,5, sempre que concorra algunha das seguintes circunstancias especiais:

- a) Que o consumidor ou algún dos membros da unidade familiar teña discapacidade recoñecida igual ou superior ao 33%.
- b) Que o consumidor ou algún dos membros da unidade familiar acredite a situación de violencia de xénero, conforme ao establecido na lexislación vixente.

3. Cando, cumprindo os requisitos anteriores, o consumidor e, no seu caso, a unidade familiar á que pertenza, teñan unha renda anual inferior ou igual ao 50% dos limiares establecidos no apartado 1.a), incrementados no seu caso conforme ao disposto no apartado 2, o consumidor será considerado vulnerable severo.

Artigo 3.- Definición de consumidor en risco de exclusión social.

- 1. Para os efectos desta Lei denominarase consumidor en risco de exclusión social o consumidor que reúna os requisitos para ser vulnerable severo, segundo o establecido no artigo 7, e que sexa atendido polos servizos sociais da Xunta de Galicia ou dos Concellos.
- 2. Todos os perceptores da RISGA ou das Rendas Sociais Municipais serán considerados de maneira automática en risco de exclusión social.

CAPÍTULO II

Medidas para paliar e reducir os efectos da pobreza enerxética

Artigo 4.- A Xunta de Galicia asumirá o custo das facturas de gas e electricidade das persoas consumidoras vulnerábeis en risco de pobreza enerxética nas porcentaxes previstas nos artigos 6 e 7 respectivamente. No caso das facturas de electricidade a Tarifa Social Enerxética de Galicia será complementaria aos descontos previstos no Bono Social Eléctrico establecido no Real Decreto-lei 7/2016, de 23 de decembro, desenvolvido regulamentariamente segundo o Real Decreto 897/2017, de 6 de outubro da Administración do Estado.

Artigo 5.- Todas as persoas consumidoras que desexen acollerse aos beneficios desta Lei, no que respecta á electricidade, terán que solicitar o Bono Social á súa compañía comercializadora de referencia. A Xunta de Galicia poñerá á súa disposición toda a información necesaria para facelo en colaboración cos servizos sociais dos concellos. A tramitación do Bono Social non parará a tramitación da Tarifa Social Enerxética de Galicia e poderá facerse de maneira paralela nos casos en que o consumidor non estea xa incluído no mesmo.

Os consumidores vulnerables no mercado libre, que na case totalidade dos casos se atopen nesta situación por malas praxes das compañías comercializadoras, terán dereito a todas as axudas da presente Lei. A Xunta de Galicia e os Servizos Sociais dos concellos colaborarán con eles para cambiar a súa tarifa a PVPC segundo o marcado no artigo 5.2 e 5.3 do RD 897/2017, para posteriormente solicitar o Bono Social.

Artigo 6.- As porcentaxes da axuda a aplicar sobre a factura eléctrica antes da aplicación do Bono Social a cada tipo de fogar, definido de acordo ao Real Decreto 897/2017, serán as seguintes:



- Nos fogares vulnerables: 25% do importe total da factura. (Contando o Bono Social o desconto chegaría ao 50%)
- Nos fogares vulnerables severos: 35% do importe total da factura. (Contando o Bono Social o desconto chegaría ao 75%)
- Nos fogares en risco de exclusión social: 50% do importe total da factura, ou a porcentaxe necesaria para que despois de aplicar o Bono Social o importe resultante sexa cero.

Desenvolveranse regulamentariamente os límites de consumo acollidos a estas axudas en función das estatísticas de consumo medio razoable dos fogares.

Artigo 7.- As porcentaxes da axuda a aplicar sobre a factura do gas serán as seguintes:

- Nos fogares vulnerables: 50% do importe total da factura.
- Nos fogares vulnerables severos: 75% do importe total da factura.
- Nos fogares en risco de exclusión social: 100% do importe total da factura.

Desenvolveranse regulamentariamente os límites de consumo acollidos a estas axudas en función das estatísticas de consumo medio razoable dos fogares.

Artigo 8.- Procedemento para evitar a suspensión da subministración ou proceder o seu restablecemento.

1. Cando os profesionais dos Centros de Servizos Sociais detecten o caso dunha persoa ou unidade de convivencia na que se procedeu ou poida procederse á suspensión da subministración correspondente á súa vivenda habitual como consecuencia da falta de pagamento da factura ou facturas, realizarán unha valoración técnica para verificar se cumpre os requisitos para ser beneficiario das axudas previstas nos artigos anteriores. Neste suposto, porase en



coñecemento do subministrador para os efectos de posibilitar a continuidade ou restablecemento do servizo.

2. No caso de que unha empresa comercializadora de enerxía queira proceder ao corte da subministración na vivenda habitual dunha persoa ou unidade de convivencia por razóns de falta de pagamento, deberá comunicar dita circunstancia aos Servizos Sociais competentes. Esta comunicación tamén poderá ser feita polo propio usuario.
3. Co obxectivo de asegurar a eficacia das medidas de protección social establecidas nesta lei, existindo acreditación de persoa ou unidade de convivencia en situación de vulnerabilidade ou de especial vulnerabilidade ou atopándose a mesma en tramitación, a empresa subministradora non procederá á suspensión da subministración mentres se xestiona a concesión da prestación económica que corresponda destinada ao pago da factura do consumo enerxético.

Os procedementos mencionados neste artigo desenvólvense no Artigo 12.

Artigo 9.- Gastos subvencionables e contía das axudas para evitar os cortes de luz por impago de facturas.

1. Os gastos subvencionables serán o 50 % do importe das facturas de electricidade (IVE incluído) correspondentes á vivenda habitual do solicitante, que estean pendentes de pagamento na data da solicitude e xa transcorrera a data límite de pagamento, emitidas por unha comercializadora de electricidade. Deberá facerse unha única solicitude para todas as facturas pendentes de pago, cun límite máximo de 300 €/ano por solicitante. Esta cantidade actualizarase ano a ano segundo o incremento do prezo medio da electricidade.
2. Esta axuda será de aplicación tanto aos fogares vulnerables como aos vulnerables severos e aos en risco de exclusión social.



3. No caso dos fogares vulnerables severos e en risco de exclusión social, por aplicación do artigo 20 do RD 897/2017, de 6 de outubro do Bono Social a compañía comercializadora non poderá exixir ao consumidor ningún pago adicional ao 50% abonado pola Xunta de Galicia para manter ou restablecer o servizo.
4. O importe da subvención regulada nesta orde en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións das distintas administracións ou calquera dos seus entes público ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total do gasto subvencionable.

Artigo 10.- Gastos subvencionables e contía das axudas para evitar os cortes de gas por impago de facturas.

1.- Os gastos subvencionables serán os seguintes:

- Nos fogares vulnerables: 50% do importe total das facturas pendentes de pago.
- Nos fogares vulnerables severos e en risco de exclusión social: 100% do importe total das facturas pendentes de pago.
- Deberá facerse unha única solicitude para todas as facturas pendentes de pago, cun límite máximo de 200 €/ano por solicitante. Esta cantidade actualizarase ano a ano segundo o incremento do prezo medio da electricidade.

2. O importe da subvención regulada nesta orde en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións das distintas administracións ou calquera dos seus entes público ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total do gasto subvencionable.

Capítulo III

Procedementos de solicitude e tramitación da Tarifa Social Enerxética de Galicia e para as empresas comercializadoras.

Artigo 11.- Declaración de fogar vulnerable e vías de entrada na axuda no pago da factura do consumo enerxético (Tarifa Social Enerxética de Galicia).

A competencia para declarar a situación de fogar vulnerable será da Xunta de Galicia, a proposta dos seus propios servizos correspondentes á Consellería de Servizos Sociais ou dos Servizos Sociais Municipais.

A declaración, que supón o recoñecemento de «fogar vulnerable», pódese obter mediante dúas vías diferentes e/ou complementarias:

- a) Mediante solicitude dos membros de devandito fogar maiores de idade ante os Servizos Sociais Municipais ou da Xunta de Galicia. Unha vez comprobado por estes a documentación acreditativa de que se atopan nalgunha das situacións descritas no Artigo 2 (composición do fogar, comprobante de renda de todas as persoas censadas no domicilio, facturas de consumo enerxético dos últimos 3 meses e outra documentación no caso en que sexa necesario), emitírase a declaración que o acredite como fogar vulnerable. No caso de non poder documentar algunha situacións definidas no artigo 2, quen desexa acceder ao recoñecemento como fogar vulnerable, poderá solicitar un informe dos Servizos Sociais Municipais que certifique que se atopa na pinza de renda definida como tal.
- b) No caso de fogares que perciban a RISGA, Renda Social Municipal ou prestación de inserción análoga, bastará que algún dos membros do fogar solicite a declaración para que, sen necesidade dun exame de documentación adicional, sexan inmediatamente considerados como fogar vulnerable.



- c) Nestes dous supostos, unha vez entregada a documentación polos Servizos Sociais Municipais á Xunta de Galicia, esta terá un prazo de 45 días hábiles para examinar se concorren os requisitos do artigo 2 e, en caso afirmativo, emitir a declaración de fogar vulnerable. Se transcorrido o devandito prazo a Administración non se pronunciou, entenderase que esa unidade familiar atópase na citada situación de vulnerabilidade e emitírase un certificado de silencio administrativo positivo, que calquera interesado poderá solicitar.
- d) Unha vez estimada a solicitude, o Concello comunicará á empresa ou ás empresas subministradoras dos servizos comprendidos, para que sexan sabedoras da responsabilidade da administración e non efectúen cortes nas subministracións.

Artigo 12.- Obrigas e trámites das empresas comercializadoras de enerxía antes de proceder a un corte de subministro.

No caso de que unha empresa comercializadora de enerxía (electricidade ou gas) queira proceder ao corte da subministración por razóns de falta de pagamento, deberá comunicar dita circunstancia aos Servizos Sociais Municipais. No caso de que o fogar non conte xa con declaración de fogar vulnerable, os Servizos Sociais Municipais estudarán a situación de maneira previa a que se efectúe ningún tipo de restrición ou corte na subministración. Nese suposto, os Servizos Sociais Municipais poranse en contacto con calquera dos membros maiores de idade da unidade familiar facendo uso dos datos que constan no padrón municipal e solicitarán a documentación mencionada no apartado a) do presente artigo para poder examinar a súa situación. Durante o tempo de tramitación deste procedemento, non se poderá levar a cabo ningún corte de subministración enerxética ao fogar cuxa situación estea a ser analizada. O prazo para resolver será de 60 días naturais, desde que a empresa subministradora efectúe a comunicación aos Servizos Sociais Municipais. Se do estudo da situación os Servizos Sociais Municipais derívasen que devandito fogar se atopa dentro



dalgunha das variables de fogar vulnerable consideradas no artigo 7, procederase a emitir a correspondente declaración, notificándoa á empresa comercializadora, iniciándose os trámites para a realización dos pagos correspondentes. Se pasado este prazo a Administración non se pronunciou, entenderase que esa unidade familiar se atopa en situación de vulnerabilidade e emitirase un certificado de silencio administrativo positivo. Este certificado poderá ser solicitado tanto polos membros do fogar vulnerable maiores de idade como por algún representante da compañía de subministración, para que se inicien os oportunos trámites de pago. Tentada sen efecto en dúas ocasións notificación no domicilio da unidade familiar por parte dos servizos municipais, entenderase que aquela non ten interese en ser declarada como fogar vulnerable. No caso de que un fogar que conte cunha declaración de fogar vulnerable vexa modificada a súa situación económica ou reducidos os seus ingresos respecto daquela que se constatase durante a análise da súa solicitude, de modo que esta nova situación lle impida atender ao pago da subministración enerxética, poderá solicitar unha revisión da declaración de fogar vulnerable para adaptar a proporción da axuda ao pago da tarifa. Mentres se resolve a tramitación destes procedementos non se poderá producir o corte de subministración.

Artigo 13.- Denegación da declaración de fogar vulnerable.

No caso de que os Servizos Sociais Municipais ditaminen que o fogar obxecto da análise non é susceptible de obter a cualificación de vulnerable, quedarán expeditas as vías de recurso correspondentes.

Artigo 14.- Novas altas de subministración.

No caso de que algún dos membros dun fogar vulnerable solicite o alta dunha nova liña de insumo enerxético, as compañías de subministración non poderán



expoñer razóns de falta de pagamentos previos para negarse a dar de alta a mesma, a condición de que ningún dos membros do fogar figure, no momento da solicitude, como titular doutra liña de subministración do mesmo insumo enerxético.

Artigo 15.- Duración e renovación.

A declaración como fogar vulnerable terá unha validez de dous anos desde o momento en que sexa confirmada e será renovada automaticamente se os habitantes dese fogar manteñen a súa situación ou entraron noutro dos supostos. No caso de situacións de urxencia social dependerá do tempo que esa situación se manteña segundo o informe dos Servizos Sociais Municipais. Pasado un ano desde a declaración, os fogares que melloren a situación de renda que a motivou poderán ver revisada a súa declaración para adaptala á nova situación, sendo preceptivo o informe de avaliación dos Servizos Sociais Municipais.

Artigo 16.- Incompatibilidades.

1. No caso de que o fogar declarado como vulnerable xa sexa beneficiario e/ou se atope percibindo algún outro tipo de axuda pública destinada a paliar a súa situación de pobreza enerxética, os importes enunciados nos artigos desta Lei axustaranse de modo que, restando a cantidade que o fogar xa percibe doutras administracións, non se superen os limiares definidos anteriormente. En todos os supostos exceptuarase o Bono Social que se considerará complementario destas axudas.
2. En calquera caso, o membro do fogar vulnerable que presente a solicitude deberá facer constar na mesma que é beneficiario ou que iniciou un trámite similar ante algunha outra Administración Pública.

Capítulo IV.

Plan de medidas de eficiencia enerxética

Artigo 17.- Plan de medidas de eficiencia enerxética para consumidores vulnerables.

A Xunta de Galicia, en colaboración coas entidades locais, aprobará un Plan de medidas de eficiencia enerxética para consumidores vulnerables no que se priorizarán as actuacións en fogares con consumidores vulnerables severos. Estas medidas están destinadas a promover o cambio nos hábitos de consumo e, especialmente, o aforro enerxético que permitirá reducir o consumo e, por tanto, o custo da factura de luz, auga e gas nos fogares vulnerables. O Plan incluírá tamén accións dirixidas a estudar as posibilidades de reducir a potencia contratada dos fogares.

Para a elaboración do Plan crearase un Comité de Seguimento que traballará coas entidades locais e os seus servizos sociais, así como cos axentes sociais involucrados na protección dos dereitos dos consumidores e as empresas de subministración enerxética á hora de definir o seu alcance, deseñar os seus obxectivos e establecer unha serie de indicadores que permitan avaliar os resultados da súa implementación e arrojar datos sobre a redución da pobreza enerxética en Galicia. Os fogares vulnerables nos supostos de risco de exclusión ou perceptores da RISGA ou Renda Social Municipal accederán automaticamente ás intervencións de microeficiencia enerxética, cun financiamento do 100%. Os fogares vulnerables severos poderán solicitar a súa inclusión neste plan cun financiamento do 50% nas intervencións, mentres que os considerados como fogar vulnerable poderán acceder a estas intervencións cun financiamento do 25%.

CAPÍTULO V

Financiamento das medidas previstas na lei.

Artigo 18.- Financiamento da Tarifa Social Enerxética Galega e das axudas no pago da factura do consumo enerxético e para evitar os cortes de subministro.

O financiamento da Tarifa Social Enerxética de Galicia dependerá da Xunta de Galicia, podendo asignarse con cargo ao fondo de continxencia dos orzamentos no seu primeiro ano de aplicación. A Xunta de Galicia deberá consignar, de maneira anual nos seus orzamentos, os fondos necesarios para facer fronte ao custo que o abono da Tarifa Social Enerxética de Galicia pode supor entre as cidadás e os cidadáns da Comunidade. Do mesmo xeito, a Xunta de Galicia destinará os importes recadados mediante os procedementos sancionadores recollidos no artigo 19 á implementación das medidas establecidas na presente Lei.

Artigo 19.- Financiamento dos plans de medidas de microeficiencia enerxética.

O financiamento deste tipo de iniciativas poderá chegar desde financiamento autonómico, pero tamén mediante a obtención de fondos europeos para financiar actuacións de microeficiencia enerxética. Estes fondos poderán obterse directamente da Unión Europea ou indirectamente, a través da Administración Central e da implementación dos Programas Operativos (plurirrexionais e da Xunta de Galicia) dos Fondos EIE correspondentes ao período de financiamento 2014-2020 enmarcados no Acordo de Asociación asinado entre España e a Comisión Europea para o mencionado período. A Comunidade tamén explorará posibilidades de financiamento a través de fondos estatais para o financiamento das medidas de microeficiencia enerxética obxecto da presente lei, como os do Fondo Nacional de Eficiencia Enerxética.

CAPÍTULO VI

Colaboración coas administracións locais para a tramitación das axudas.

Artigo 20.- Tramitación ante as entidades locais.

As administracións locais porán a disposición das cidadás e dos cidadáns os medios necesarios para que estes poidan solicitar a declaración de Fogar Vulnerable. Tendo en conta as dificultades coas que ás veces os membros dos fogares vulnerables se atopan á hora de poder levar a cabo trámites administrativos de maneira telemática, as administracións locais facilitarán a tramitación dos correspondentes expedientes de maneira presencial ou telemática asistida.

Artigo 21.- Colaboración entre a Xunta de Galicia e as entidades locais.

A Xunta de Galicia e as administracións locais establecerán as canles de colaboración e comunicación oportunas para a recepción dos expedientes, a tramitación dos pagos e para o resto de oficios que implique o cumprimento das disposicións da presente Lei. Para iso, a Xunta de Galicia habilitará os medios suficientes para que os concellos poidan dar cobertura aos trámites necesarios.

CAPÍTULO

VII Réxime sancionador.

Artigo 22.- Infraccións e sancións.

1. Constituirá infracción grave:
 - a) O corte de subministracións ás familias que, estando acollidas aos prezos voluntarios para o pequeno consumidor, non abonasen as facturas correspondentes aos insumos debidos en tanto estea tramitándose a solicitude de declaración de Fogar Vulnerable.
 - b) A non comunicación aos Servizos Sociais do corte de subministracións a que se refire o artigo 12.
2. Constituirá infracción moi grave a reiteración das condutas tipificadas como infracción grave no apartado anterior.
3. Serán responsables das infraccións as empresas comercializadoras.
4. Contías das sancións:
 - a) As infraccións graves serán sancionadas con multa equivalente ao resultado de multiplicar por 50 a cantidade debida.
 - b) As infraccións moi graves serán sancionadas con multa equivalente ao resultado de multiplicar por 100 a cantidade debida.

Disposición adicional primeira: A Xunta de Galicia controlará que as comercializadoras de referencia establecidas en Galicia cumpran o previsto no artigo 5 do Real Decreto 897/2017 que regula o Bono Social sobre as obrigas de información para a protección ao consumidor que cumpra os requisitos para ser considerado vulnerable.

Disposición adicional segunda: A Xunta de Galicia creará e porá en marcha un rexistro administrativo de puntos de subministración de electricidade correspondentes aos consumidores vulnerables, vulnerables severos e en risco de



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/02/2018 17:23
Nº Rexistro: 26278
Data envío: 15/02/2018 17:23:32.130



exclusión social, para iso poderá solicitar a colaboración da Administración Xeral do Estado para compartir os datos, de tal forma que os comercializadores de referencia poidan efectuar as consultas correspondentes no mesmo de maneira directa.

Disposición final primeira: Desenvolvemento regulamentario.

O Goberno da Xunta de Galicia aprobará o regulamento de desenvolvemento desta lei no prazo de seis meses desde a entrada en vigor da mesma, sen prexuízo da inmediata implementación das prestacións para paliar as situacións de vulnerabilidade en materia de pobreza enerxética.

Disposición final segunda: Prazo para a aprobación do Plan de medidas de eficiencia enerxética.

O Plan de medidas de eficiencia enerxética deberá estar aprobado no prazo máximo de nove meses desde a entrada en vigor desta lei.

Disposición final terceira: Publicación e entrada en vigor.

A presente lei publicarase no Diario Oficial de Galicia, e entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación.

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2018.

Asdo.: Francisco Casal Vidal,

Deputado do G.P. de En Marea.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

ANTECEDENTES

-Real Decreto-lei 7/2016, de 23 de decembro, polo que se regula o mecanismo de financiamento do coste do bono social e outras medidas de protección ao consumidor vulnerable de enerxía eléctrica.

- Lei 54/1997, de 27 de novembro, do Sector Eléctrico.

- Lei 24/2013, de 26 de decembro, do Sector Eléctrico.

- Real Decreto 897/2017, de 6 de outubro, polo que se regula a figura do consumidor vulnerable, o bono social e outras medidas de protección para os consumidores domésticos de enerxía eléctrica.

- Lei 7/2017, do 14 de decembro, de medidas da eficiencia enerxética e garantía de accesibilidade á enerxía eléctrica.

- Constitución Española

-Estatuto de Autonomía

- Directivas Europeas: 2009/72/CE; 2009 /73/CE; 96/92/CE; 2009/74/CE e 2003/54/CE

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 15/02/2018 17:21:34

Luis Villares Naveira na data 15/02/2018 17:22:12

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.05.2018 Hora: 10:00
Orde do día

3. Comparecencias en Pleno

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.05.2018 Hora: 10:00
Orde do día

3.1 30282 (10/CPP-000058)


Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Do Sr. conselleiro de Facenda, por petición propia, para
informar do seguimento do Plan estratéxico de Galicia 2015-
2020




XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



galicia



Solicítolle, consonte o disposto no artigo 144 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante o Pleno- do conselleiro de Facenda para informar "do seguimento do Plan estratéxico de Galicia 2015-2020".

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Asinado por GARCÍA SEÑORANS ALVAREZ BLANCA
Cargo: Directora Xeral
Data e hora: 30/04/2018 14:46:28

CVE: FEGHY6E2
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>



Presidente do Parlamento de Galicia

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.05.2018 Hora: 10:00
Orde do día

4. Mocións

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.05.2018 Hora: 10:00
Orde do día

4.1 30142 (10/MOC-000085)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto ambiental das verteduras de augas residuais procedentes de explotacións mineiras. (Moción, a consecuencia da Interpelación n.º 27754, publicada no BOPG n.º 280, do 21.03.2018 e debatida na sesión plenaria do 24.04.2018)



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa do seu deputado **Antón Sánchez García** e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción**, para substanciar a Interpelación, doc. núm. **27754**, sobre a política do Goberno galego en relación co impacto medioambiental das verteduras de augas residuais procedentes de explotacións mineiras, que foi tratada na sesión plenaria do día 24 de abril de 2018. (10/INT-000896).

MOCIÓN

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

- 1) Rectificar as súas políticas de tolerancia coa actividade contaminante de empresas mineiras e comprometerse a aplicar rigorosamente a lexislación exercendo as súas funcións de investigación, control e sanción das actividades irregulares nese ámbito.
- 2) Actuar con transparencia nas demandas de información nos proxectos mineiros e desterrar as prácticas de obstrución denunciadas polos colectivos ambientalistas e reflectidas incluso en sentencias xudiciais.
- 3) Depurar responsabilidades políticas dentro do Goberno galego polas políticas de descontrol ambiental e obstrucionismo na procura da transparencia neste ámbito.
- 4) Derrogar a Lei 5/2017 de Fomento de iniciativas empresariais.

- 5) Rexeitar o proxecto mineiro de extracción de cobre, da empresa Atalaya Minning, en Touro, por ser perigoso ambientalmente e para a saúde das persoas, e por ser insostible social, ambiental e economicamente.

Santiago de Compostela, 27 de abril de 2018.

Asdo.: Antón Sánchez García

Voceiro s. do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 27/04/2018 11:14:03

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.05.2018 Hora: 10:00
Orde do día

4.2 30153 (10/MOC-000086)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co orzamento consignado para o ano 2018 para a prevención do abandono escolar. (Moción, a consecuencia da Interpelación n.º 28849, publicada no BOPG n.º 289, do 11.04.2018, e debatida na sesión plenaria do 24.04.2018)



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/04/2018 13:24
Nº Rexistro: 30153
Data envío: 27/04/2018 13:24:01.965



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Luís Manuel Álvarez Martínez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte moción para substantivar a Interpelación debatida na sesión plenaria do día 24 de abril de 2018, sobre a política do Goberno galego en materia de prevención do abandono escolar (doc núm. 28849).

Moción

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a executar, no ano 2018, a totalidade do orzamento inicial do programa 423B Prevención do abandono escolar, para as finalidades previstas nel, sen facer ningunha redución no crédito.

Pazo do Parlamento, 26 de abril de 2018

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 27/04/2018 13:21:00

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 27/04/2018 13:21:09

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.05.2018 Hora: 10:00
Orde do día

4.3 30154 (10/MOC-000087)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para mellorar o emprego público e as condicións de traballo no sector público autonómico. (Moción, a consecuencia da Interpelación n.º 28232, publicada no BOPG n.º 284, do 27.03.2018, e debatida na sesión plenaria do 24.04.2018)



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/04/2018 13:24
Nº Rexistro: 30154
Data envío: 27/04/2018 13:24:24.793



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Juan Manuel Díaz Villoslada, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte moción para substantivar a Interpelación debatida na sesión plenaria do día 24 de abril de 2018, sobre a política do Goberno galego sobre a mellora do emprego público e das condicións de traballo no sector público autonómico (doc. núm. 28232).

Moción

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego, a que no marco do *II Acordo para a mellora do emprego público e de condicións de traballo*, asinado polo Goberno central cos sindicatos CCOO, UGT e CSI-F o 9 de marzo de 2018, abra un proceso de negociación colectiva na Mesa xeral de empregados públicos sobre as materias de competencia autonómica recollidas no dito Acordo para os anos 2018, 2019 e 2020, en concreto:

1º) Acordar as medidas ás que se dedicará a porcentaxe adicional da masa salarial que o Goberno galego estará autorizado a aplicar para os anos 2018, 2019 e 2020.

2º) Acordar os sectores nos que prioritariamente se poderá incrementar de forma adicional nun 8 % a taxa xeral do 100 % de reposición de efectivos para o ano 2018.

3º) Acordar a taxa adicional de estabilización de emprego temporal para o conxunto de entidades que integran o sector público autonómico, nos termos habilitados polo devandito acordo.

4º) Acordar, se proceder, respecto da xornada ordinaria común a todas as administracións públicas outras xornadas ordinarias de traballo, ben un reparto anual de xornada segundo as necesidades de cada función, tarefa ou ámbito sectorial, atendendo en especial ao tipo de xornada ou as xornadas a quendas, nocturnas ou especialmente penosas; regulándose unha bolsa de horas de libre disposición acumulables, de ata un 5 % da xornada anual, para a atención de necesidades de conciliación para o coidado de maiores, discapacitados e fillos menores, nos termos que se acorden.

 Grupo Parlamentario

5º) Acordar as retribucións en situación de incapacidade temporal que, mediante un complemento retributivo sumado á prestación do Réxime Xeral da Seguridade Social ou dos réximes especiais de funcionarios públicos, acadarán o cen por cen das retribucións fixas previstas ao inicio da situación de incapacidade.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

6º) Impulsar de xeito decidido os plans de igualdade, conciliación e corresponsabilidade no conxunto de entidades do sector público autonómico.

Pazo do Parlamento, 26 de abril de 2018

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 27/04/2018 13:23:06

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 27/04/2018 13:23:17

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.05.2018 Hora: 10:00
Orde do día

5. **Proposicións non de lei en Pleno**

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.05.2018 Hora: 10:00
Orde do día

5.1 19450 (10/PNP-001439)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre a negociación pola Xunta de Galicia co Concello da Coruña e as demais partes implicadas da revisión dos convenios portuarios do ano 2004, así como os criterios de ordenación, a forma xurídica do consorcio, o financiamento e os accesos ao porto exterior e os demais apartados contidos na proposta de protocolo trasladada polo Goberno municipal da Coruña

Publicación da iniciativa, 203, 31.10.2017



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa dos seus deputados Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

PRIMEIRO.- A loita que a cidadanía da Coruña, as entidades cívicas e o Goberno municipal vén sostendo estes anos, reclamando a capacidade de decidir democraticamente sobre a ordenación do borde litoral da cidade, desde os terreos da Solaina/ Hotel Finisterre ata os peiraos de Calvo Sotelo/Batería e San Diego, comeza a obter resultados significativos, cal é o recoñecemento pola Xunta e Portos do Estado/Fomento da inviabilidade e insostibilidade, urbanística e económica, da execución dos convenios do 2004 e do propio PXOM da Coruña do 2013.

Necesidade de revisión dos Convenios e do PXOM no borde litoral-portuario que hoxe ten acadado consenso entre todas as partes, o cal é un suceso claro tanto da cidadanía como do Goberno municipal da Coruña, así como de todas as forzas políticas e entidades que viñan demandando tal revisión desde hai anos.

Fronte á idea inicial e persistente do Estado, a través de Portos do Estado e da Autoridade Portuaria da Coruña (APAC), como da Xunta de Galicia, de executar as determinacións dos Convenios do 2004 e da ordenación prevista no PXOM mediante a enaxenación, previa desafectación, de terreos portuarios para, xunto á venta por poxa dos terreos patrimoniais (desafectados no 1999) dos terreos da



Solaina/Finisterre, financiar a débeda xerada pola construción do porto exterior de Langosteira, a realidade é que tanto Portos do Estado como Xunta teñen recoñecido a necesidade de desistir de tal estratexia global.

A revisión dos convenios do 2004, a modificación do PXOM 2013 e a aposta por borde litoral público en terreos portuarios, ou que o foron no seu pasado recente, así como a garantía do interese social asociado á permanencia na titularidade pública dos mesmos, son hoxe demandas amplamente compartidas pola cidadanía coruñesa, pola Corporación municipal, polo goberno e agora tamén, aínda que non totalmente, pola Xunta e Portos do Estado.

SEGUNDO.- Non obstante o anterior, observamos como o PP, por medio da Xunta e Portos do Estado, teñen amosado publicamente a súa intención de acordar unilateralmente, e con marxinación manifesta do concello da Coruña, as bases conveniadas e criterios de ordenación do borde litoral portuario. Así se evidenciou, e así se trasladou á opinión pública, no pasado encontro entre o presidente da Xunta e o presidente de Portos do estado do pasado 10 de outubro.

Preténdese, por simple finalidade e intencionalidade políticas, deixar ao Concello da Coruña, e polo tanto á cidadanía coruñesa, sen capacidade de decisión e mesmo de participación sobre a futura ordenación dunha parte fundamental do seu territorio, o borde litoral portuario. E preténdese facelo sen a máis mínima transparencia, negociando e acordando sobre a cidade da Coruña sen participación da administración representativa e do seu goberno.

TERCEIRO.- O Goberno local da Coruña trasladoulle tanto a Portos do Estado como á Xunta de Galicia a súa proposta, detallada nun Protocolo no que, amais de realizar unha diagnose atinada da situación e antecedentes, se explicitan tanto os criterios xerais de ordenación como a fórmula xurídica de cooperación



institucional e xestión compartida (Consortio), así como as medidas de acompañamento e derivadas de ditos criterios (financiamento, posta en valor do porto exterior coa imprescindible conexión ferroviaria, etc). E todo elo co ánimo de abrir un proceso de negociación sobre as demandas amplamente compartidas pola cidadanía coruñesa, como se puxo de manifesto na ampla manifestación do pasado 7 de maio, e nos propios, acordos plenarios da Corporación Municipal da Coruña.

Uns criterios xerais de ordenación que se asenten na permanencia na titularidade pública dos bens portuarios (dos existentes e dos que foron desafectados no 1999), na integración porto-cidade sobre a base do interese público asociado á posta en valor do uso cidadá (equipamentos e espazos libres/zonas verdes en Batería/Calvo Sotelo, e da economía produtiva en San Diego asociada aos usos portuarios e complementarios.

Unhas medidas de financiamento da APAC e de garantía da conexión ferroviaria co porto exterior (imprescindible, e que con DIA aprobada, non conta con financiamento) que pasen pola asunción polo Estado da débeda derivada do financiamento do porto exterior e da conexión ferroviaria, e todo elo co fundamento do novo marco comunitario de financiamento e réxime dos portos e de réxime de axudas, Regulamento (UE) 2017/352 do Parlamento Europeo e do Consello, de 15 de febreiro de 2017, e Regulamento (UE) 2017/1084 da Comisión, de 14 de xuño, respectivamente.

Desgraciadamente, na xuntanza celebrada no Pazo de María Pita o pasado 24 de outubro, Portos do Estado negouse sequera a valorar ou negociar dito Protocolo.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/10/2017 16:39
Nº Rexistro: 19450
Data envío: 26/10/2017 16:39:34.695



CUARTO.- Ben deberían Xunta de Galicia e Portos do Estado/Ministerio de Fomento prestarse a negociar e acordar sobre a base do Protocolo formulado polo goberno local da Coruña.

A pretensión de marxinación do goberno local tamén o é da cidadanía coruñesa. A marxinación do Goberno local tamén inclúe á da propia Corporación municipal.

Mal camiño é que para finalidades políticas, inconfesadas e inconfesables, se maquine para deixar á marxe ao goberno lexítimo da cidade da Coruña respecto do futuro do borde litoral portuario e da propia fachada marítima da cidade.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

Primeiro- O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a negociar, co Concello da Coruña e as demais partes, a revisión dos convenios portuarios do 2004, así como os criterios de ordenación, forma xurídica do consorcio, financiamento e accesos ao porto exterior, e demais apartados contidos na proposta de Protocolo trasladado desde o Goberno da Coruña, que debe servir como base para o obxectivo de acadar os acordos conveniados e de colaboración e cooperación institucional que concreten e definan detalladamente os obxectivos básicos contidos en tal Protocolo.

Segundo- O Parlamento acorda dar traslado do presente acordo ao Ministerio de Fomento, Portos do Estado e Autoridade Portuaria da Coruña e concello de Arteixo, aos efectos de demandar de ditas partes á súa participación e colaboración, no ámbito competencial que lles corresponda, no sinalado no apartado primeiro deste acordo.



Santiago de Compostela, 26 de outubro de 2017.

Asdo.: Antón Sánchez García,
Portavoz S. do G.P. de En Marea.

Asdo.: Marcos Cal Ogando
Deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 26/10/2017 16:35:21

Marcos Cal Ogando na data 26/10/2017 16:35:36

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.05.2018 Hora: 10:00
Orde do día

5.2 24025 (10/PNP-001737)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 5 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao
Ministerio de Xustiza en relación coa creación de novas
unidades xudiciais en Galicia

Publicación da iniciativa, 250, 31.01.2018



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2018 09:30
Nº Rexistro: 24025
Data envío: 23/01/2018 20:22:24.537

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados, Paula Prado del Río, César Fernández Gil, Antonio Mouriño Villar, Isabel Novo Fariña, Alberto Pazos Couñago, María Julia Rodríguez Barreira e Jacobo Moreira Ferro, ao abeiro do disposto nos artigos 98 e 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de Motivos:

O 31 de xaneiro entran en funcionamento os 4 novos xulgados en Galicia que foron creados polo Ministerio de Xustiza mediante o Real decreto 902/2017 do 13 de outubro.

A inmediata posta en funcionamento o 31 de xaneiro destes 4 novos xulgados en Galicia amosa o esforzo da Xunta de Galicia coa Administración de xustiza, dada conta que tan só 15 xulgados dos creados polo Ministerio en 2017 entrarán en funcionamento na devandita data, e sendo que os restantes xulgados correspondentes a outros territorios, o farán en etapas posteriores do 2018, como reflicte a Orde JUS/1277/2017.

Se ben cómpre continuar coa creación de novas unidades xudiciais en Galicia nas futuras programacións. E para adoptar as decisións oportunas, resulta imprescindible a debida coordinación entre o Goberno autonómico –responsable dunha eficaz cobertura cos medios persoais e materiais adecuados- e o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que como máximos representantes do Poder Xudicial en Galicia, teñen unha ampla visión das necesidades reais, da evolución dos asuntos e de datos obxectivos e estruturais de cargas de traballo, máis alá de percepcións particulares o situacións conxunturais.

Igualmente, esta demanda coincide co compromiso adquirido polo Partido Popular de Galicia no programa electoral co que acadou a confianza maioritaria dos galegos e das galegas en outubro de 2016 e no cal se comprometía a que *“Demandaremos do Ministerio de Xustiza a creación daqueles novos órganos xudiciais que a Comisión Mixta entre a Xunta de Galicia e o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia estime necesarios, garantindo os medios materiais e persoais precisos para a súa creación, así como seguir a reforzar os órganos daquelas xurisdicións necesitadas de apoio”*.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2018 09:30
Nº Rexistro: 24025
Data envío: 23/01/2018 20:22:24.537

Polo tanto, e de conformidade co anterior, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presenta a seguinte **Proposición non de Lei en Pleno**:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Ministerio de Xustiza para que continúe, con cargo á nova programación 2018, coa creación de novas unidades xudiciais en Galicia, que de xeito consensuado propoña a Comisión Mixta, en atención a necesidades obxectivas e estruturais de carga de traballo e o número de unidades que lle sexan asignadas á Comunidade Autónoma”

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2018.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 23/01/2018 20:18:29

Paula Prado Del Río na data 23/01/2018 20:18:49

César Manuel Fernández Gil na data 23/01/2018 20:19:05

Antonio Mouriño Villar na data 23/01/2018 20:19:12

Alberto Pazos Couñago na data 23/01/2018 20:19:22

María Isabel Novo Fariña na data 23/01/2018 20:19:31

María Julia Rodríguez Barreira na data 23/01/2018 20:19:40

Jacobo Moreira Ferro na data 23/01/2018 20:19:56

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.05.2018 Hora: 10:00
Orde do día

5.3 28878 (10/PNP-002092)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio

Sobre a realización polo Goberno galego dun estudo respecto da posible implantación do sistema de cotas individuais transferibles e as súas implicacións para as pesqueiras multiespecíficas que operan no Cantábrico

Publicación da iniciativa, 289, 11.04.2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/04/2018 12:19
Nº Rexistro: 28878
Data envío: 05/04/2018 12:19:10.799



 **Grupo Parlamentario**

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, María Dolores Toja Suárez e Julio Torrado Quintela a través do portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O borrador do Plan de xestión do Cantábrico está a causar gran inquietude no sector. Enfróntanse dous modelos de xestión, un baseado no ben común e outro, ben distinto, que implica a especulación dun mercado aberto. Dende a Administración española preténdese seguir a segunda opción, cunha liña que en definitiva consiste en gañar máis cartos negociando coas cotas de peixe, en lugar de coa captura das especies, trátase de Cotas Individuais Transferibles (coñecido como ITQ polas siglas en inglés). Este modelo non parece axeitado no Cantábrico, onde as pesquerías son multiespecíficas, multiartes, é dicir, poucas cantidades sobre moitas especies.

Optar por unha modelo ou outro non cabe dúbida que é unha opción ideolóxica e obedece a un xeito de gobernanza, con intereses creados encamiñados a establecer a propiedade de acceso aos recursos que determinará o futuro da pesca galega.

Dende o Grupo Socialista entendemos que a rendibilidade económica da actividade pesqueira debe basearse nunha planificación a longo prazo de xestión das distintas pesquerías que teña en consideración o criterio ambiental, que permita recuperar as poboacións de peixes, pero tamén manter a actividade económica e social, de xeito que a pesca poda cumprir co papel de estabilizador da poboación nas zonas costeiras, e supoñer unha actividade laboral que permita a sustentabilidade financeira das numerosas familias que viven da pesca.

O modelo de xestión non debe ter como obxectivo a redución de esforzo pesqueiro, e o sistema de ITQ serviría para despezar o exceso de capacidade, xa que as empresas que abandonen o sector recibirían unha recompensa económica pola venda da súa cota. Ademais podería alentar aos pescadores a traballar con maior intensidade para poder compensar o incremento de custe que supón a adquisición da cota.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/04/2018 12:19
Nº Rexistro: 28878
Data envío: 05/04/2018 12:19:10.799



 Grupo Parlamentario

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a levar a cabo un estudo que analice a posible implantación do sistema de Cotas Individuais Transferibles, e as súas implicacións para as pesquerías multiespecíficas que operan no Cantábrico.

Pazo do Parlamento, 4 de abril de 2018

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 05/04/2018 12:06:09

Julio Torrado Quintela na data 05/04/2018 12:06:21

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 05/04/2018 12:06:36

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.05.2018 Hora: 10:00
Orde do día

5.4 29120 (10/PNP-002114)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en
relación coa situación salarial dos mestres e do persoal
docente de Galicia

Publicación da iniciativa, 293, 18.04.2018

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa das súas deputadas **Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda**, ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate en Pleno**, sobre a fenda salarial que padece o corpo docente galego.

Exposición de motivos

O seu comportamento revela o moito que lle importa a Feijóo a educación dos galegos e das galegas. Dende o ano 2009, o Presidente da Xunta non se sentou nin unha soa vez cos docentes para negociar con eles melloras das súas condicións laborais. Nin unha soa vez. A crise pasou, segundo se empeña en dicir o Partido Popular, pero a súa actitude cara a educación segue a ser a mesma: recortar e dismantelar ata que a educación pública de calidade sexa só unha borrosa lembranza do pasado.

O desleixo cara a educación do Partido Popular é particularmente grave porque as mestras e os mestres galegos son os segundos que menos cobran do Estado. Os docentes de secundaria afrontan un agravio comparativo semellante: son os terceiros con menor salario. No polo oposto atópanse os vascos e os navarros. A fenda salarial entre uns e outros é de ata 400 euros, no caso dos mestres e mestras, e de 500 euros, no casos dos docentes de secundaria. Estes últimos cobran en Galicia unha media de 2.276,1 euros, fronte aos 2.757,7 euros que cobran os vascos. Ao ano, isto supón unha diferenza de ata 6.000 euros, diferenza que supón 200.000 euros menos ao final da carreira laboral para os galegos e galegas que imparten clase nos nosos institutos.



A fenda ensánchase aínda máis se temos tamén en conta que algunhas comunidades contan cunha carreira profesional retribuída e outras non. Así, existen complementos por formación permanente nalgúns territorios que non existen noutros (como os sexenios). As titorías, a coordinación do nivel ou do ciclo, a xefatura do departamento, a residencia ou a perigosidade tamén se retribúen de xeito distinto en función do lugar.

Nun momento como o actual, no que outros colectivos de funcionarios están conseguindo melloras substantivas das súas condicións de traballo, equiparando os salarios dos profesionais do conxunto do Estado, cómpre defender tamén os dereitos laborais dos mestres e docentes galegos.

Por todo o exposto, presentase a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- Equiparar o salario dos docentes e mestres galegos ao salario dos docentes e mestres mellor remunerados do resto do Estado.
- Recuperar para os docentes e mestres galegos os salarios que lles foron recortados durante a crise.

Santiago de Compostela, 10 de abril de 2018.

Asdo.: Luca Chao Pérez,

Asdo.: Luís Villares Naveira

Ánxeles Cuña Bóveda

Voceiro do G.P. de En Marea.

Deputadas do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 10/04/2018 10:58:52

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 10/04/2018 10:59:00

Luis Villares Naveira na data 10/04/2018 10:59:07

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.05.2018 Hora: 10:00
Orde do día

5.5 29342 (10/PNP-002133)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre o impulso pola Xunta de Galicia dun pacto pola lingua galega e as actuacións que debe levar a cabo ao respecto

Publicación da iniciativa, 293, 18.04.2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2018 13:56
Nº Rexistro: 29342
Data envío: 12/04/2018 13:56:13.280



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado Concepción Burgo López e Luís Manuel Álvarez Martínez, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

Hai tempo que todas as institucións relacionadas coa lingua galega están advertindo da súa preocupante situación, cunha grave caída do seu uso sobre todo entre a xente máis nova.

Recentemente o Consello da Cultura Galega fixo público o estudo sobre prácticas e actitudes lingüísticas da mocidade en Galicia e agora é a Real Academia Galega a que deu a coñecer un novo estudo do Seminario de Sociolingüística, *Lingua e Sociedade en Galicia. Resumo de resultados, 1992-2016*, que presenta unha visión panorámica da situación social da lingua galega co obxectivo de identificar as tendencias que marcan a súa evolución nas últimas décadas. Neste estudo advírtese da “crecente ruptura da transmisión interxeracional e duns usos minguentes do galego por parte da xente máis nova, especialmente nos ámbitos urbanos e periurbanos”

A RAG ve con moita preocupación o feito de que os datos estatísticos e sociolóxicos existentes indiquen que as xeracións máis novas estean xa protagonizando “un proceso de monolingüización en castelán a un ritmo que non prevían os resultados de estudos demolingüísticos previos”

As causas de todo isto non están como afirma a Xunta no feito de que as familias falen menos galego senón na escasa presenza do idioma na socialización secundaria, nomeadamente no ámbito escolar e sobre todo en determinados contextos semiurbanos, e neste senso a análise afirma que o decreto 79/2010 está a producir un retroceso nos avances conseguidos no pasado no ámbito escolar.



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Tamén o Consello de Europa a través do informe do Comité de expertos sobre a aplicación da Carta das linguas rexionais e minoritarias, puxo en evidencia os efectos negativos do decreto 79/2010, así coma o descenso do uso da lingua galega, tanto entre os cidadáns como na administración pública e nos medios de comunicación.

Cremos que é necesario que a Xunta de Galicia asuma a situación que se está producindo e tome medidas para corrixir os problemas que presenta a nosa lingua e para isto consideramos fundamental que se restableza o pacto pola lingua que se rachou en 2009.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a impulsar un pacto pola lingua poñendo en marcha polo menos as seguintes accións:

1ª.) Derrogar o Decreto 79/2010, coñecido como Decreto do Plurilingüismo, e elaborar outro no que participen todas as forzas políticas e a sociedade civil incluíndo as institucións e entidades vencelladas á lingua galega (Real Academia Galega, Consello da Cultura Galega e Instituto da Lingua Galega), para acadar o necesario consenso en materia lingüística.

2ª.) Elaborar e presentar, no prazo de seis meses en sede parlamentaria, un informe sobre o grao de cumprimento do Plan xeral de normalización lingüística detallando por sectores a situación real da lingua galega no seu uso como lingua oficial, co fin de adoptar as medidas necesarias para reaccionar fronte á situación de involución e deterioro que está a vivir.

Pazo do Parlamento, 12 de abril de 2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2018 13:56
Nº Rexistro: 29342
Data envío: 12/04/2018 13:56:13.280



 **Grupo Parlamentario**

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 12/04/2018 13:55:35

Maria de la Concepción Burgo López na data 12/04/2018 13:55:44

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 12/04/2018 13:55:54

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.05.2018 Hora: 10:00
Orde do día

5.6 29544 (10/PNP-002161)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego
para a declaración de caducidade da concesión mineira San
Rafael (núm. 2946) no concello de Touro

Publicación da iniciativa, 296, 25.04.2018

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No concello de Touro mantense vixente a concesión da explotación mineira "San Rafael" (núm.2946).

Esta concesión foi concedida, conforme a lexislación básica vixente de minas en 1978, por un prazo de 90 anos, para unha explotación de diversos minerais. Porén, desde o ano 1988 houbo (e aínda se mantén) un persistente e reiterado abandono da actividade mineira, deixando a empresa concesionaria os labores básicos de explotación sen sequera adoptar medidas de restauración e prevención, o que vén provocando nos últimos anos graves problemas ambientais de contaminación nos solos e nas augas da cunca do Ulla e nos aquíferos subterráneos.

Este abandono nunca foi corrixido nin penalizado pola administración mineira, malia estarmos ante o aproveitamento dun ben de dominio público, suxeito a concesión, que conleva as obrigas de explotación e restauración consonte ao Plan de Labores. A propia normativa mineira prevé que a falta de actividade mineira conleva a aplicación dun réxime sancionador administrativo, mais cando se trata dunha grave e reiterada

infracción das condicións contidas no título de outorgamento da concesión, **existe causa de declaración de caducidade da concesión.**

No propio Plan Xeral de Ordenación Municipal do concello de Touro aprobado definitivamente con data 9-02-2010, non se contempla, dentro da clasificación dos usos do solo, o uso mineiro dos terreos que ocuparon a antiga explotación. Estes aparecen como solo rústico de protección ordinaria.

A Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia, entre os principios que inspiran dita norma cítase, no seu artigo 3, a xestión sustentábel dos recursos mineiros, e como criterios orientadores do Plan Sectorial Mineiro, no artigo 12, entre outros: a harmonización da actividade extractiva co resto dos usos do solo dentro do marco da ordenación territorial, agraria e ambiental; o aproveitamento ordenado e sustentable dos recursos mineiros de maneira compatible coa protección do medio natural e co patrimonio cultural. Finalmente, tamén se asenta o criterio do "carácter temporal da explotación mineira respecto da ordenación do territorio e dos usos do solo".

É reiterada a xurisprudencia que afirma que **toda concesión mineira conleva unha natureza funcional dirixida a unha finalidade relacionada co interese Público que subxace en toda utilización demanial**, polo que esta clase de concesións administrativas en materia de minaría **outórganse para que o concesionario use o ben de dominio público consonte o seu destino**, en función ó fin que con ela se propuxo no momento da solicitude, non para mantela en situación de total abandono, pois iso implica descoñecer a función social dos bens de natureza e o interese social que toda concesión mineira comporta (Sentenza do Tribunal Supremo de 30 de xuño de 1988; Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza de 21 de decembro de 2006)



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/04/2018 10:41
Nº Rexistro: 29544
Data envío: 18/04/2018 10:41:04.622

Así, perante o incumprimento reiterado das condicións de outorgamento dos dereitos mineiros, e tamén ante a vulneración dos principios e criterios da normativa mineira galega, ao concorreren causas de caducidade previstas no artigo 109,j) e 110 do Regulamento Xeral do Réxime da Minaría, hase tramitar o oportuno expediente de caducidade da concesión, ó abeiro da normativa mineira.

En base ao exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a que proceda ó inicio do expediente de caducidade da concesión mineira "San Rafael" (núm. 2946) no concello de Touro e, logo dos trámites preceptivos, se declare a súa caducidade polo incumprimento reiterado das condicións de outorgamento e polos graves perigos ambientais que representa o seu actual estado para a protección das augas da cunca do Ulla e dos acuíferos subterráneos.”

Santiago de Compostela, 18 de abril de 2018

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/04/2018 10:41
Nº Rexistro: 29544
Data envío: 18/04/2018 10:41:04.622

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 18/04/2018 10:38:30

María Montserrat Prado Cores na data 18/04/2018 10:38:36

Ana Pontón Mondelo na data 18/04/2018 10:38:39

Olalla Rodil Fernández na data 18/04/2018 10:38:41

Noa Presas Bergantiños na data 18/04/2018 10:38:43

Xosé Luis Bará Torres na data 18/04/2018 10:38:44

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.05.2018 Hora: 10:00
Orde do día

5.7 29632 (10/PNP-002167)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a convocatoria polo Goberno galego, o máis axiña posible, da Comisión de seguimento do convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na Área Metropolitana de Vigo, e a inclusión na súa orde do día da solicitude do Concello de Gondomar para a súa incorporación a ese tipo de transporte

Publicación da iniciativa, 296, 25.04.2018

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados e deputadas **Luis Bará Torres, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**.

O 2 de febreiro de 2017 o Pleno do Concello de Gondomar aprobou a integración de Gondomar no *Convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galiza na área de transporte metropolitano de Vigo*. Tamén nesa data, aprobou a consignación económica correspondente. Posteriormente trasladou á Consellería a documentación correspondente, tendo a día de hoxe todo o trámite necesario para súa inclusión no citado Convenio.

Mais a día de hoxe o Goberno da Xunta está a impedir que a integración sexa efectiva xa que aínda non convocou a Comisión de Seguimento do devandito Convenio na que se poida incluír o noso concello, membro nato da Área Metropolitana de Vigo. Dita comisión non se convoca desde abril de 2017, incumprindo así a cláusula 4.3.- *Operatividade* na que se indica que “a comisión reunirase cunha periodicidade cando menos semestral”.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2018 10:42
Nº Rexistro: 29632
Data envío: 19/04/2018 10:42:16.164

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

1.- Convocar, á maior brevidade posible, a Comisión de Seguimento do *Convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galiza na área de transporte metropolitano de Vigo* -que non se reúne desde o 7 de abril de 2017, incumprindo así a cláusula 4.3.-*Operatividade* na que se indica que “a comisión reunirase cunha periodicidade cando menos semestral”.

2.- Incluír na orde do día, para que poida ser tratada e aprobada, a solicitude do Concello de Gondomar para se incorporar ao transporte metropolitano, de xeito que a súa veciñanza poida dispoñer da tarxeta metropolitana e beneficiarse dos descontos no importe dos billetes, co conseguinte aforro nos gastos de desprazamento.”

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2018 10:42
Nº Rexistro: 29632
Data envío: 19/04/2018 10:42:16.164

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 19/04/2018 10:33:39

María Montserrat Prado Cores na data 19/04/2018 10:33:45

Ana Pontón Mondelo na data 19/04/2018 10:33:46

Xosé Luis Rivas Cruz na data 19/04/2018 10:33:48

Olalla Rodil Fernández na data 19/04/2018 10:33:49

Noa Presas Bergantiños na data 19/04/2018 10:33:51

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.05.2018 Hora: 10:00
Orde do día

5.8 29902 (10/PNP-002197)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Puy Fraga, Pedro e 7 máis

Sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación co proceso de integración europea, así como os principios que deben inspirar a acción exterior e as demandas da Xunta de Galicia ante as institucións europeas ao respecto.

(Procedemento de urxencia)

*Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, 296,
25.04.2018*

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa dos deputados e deputadas, Pedro Puy Fraga, Paula Prado del Río, Jacobo Moreira Ferro, César Fernández Gil, Aurelio Núñez Centeno, Alberto Pazos Couñago, María Julia Rodríguez Barreira e Isabel Novo Fariña, ao abeiro do disposto nos artigos 160, 98 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno polo tramite de urxencia.

Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes sobre este tema.

Exposición de motivos

A adhesión de España ás Comunidades Europeas o 1 de xaneiro de 1986 rematou co illamento do noso país na vida institucional do noso continente. Sen dúbida pode afirmarse que, xunto coa aprobación da nosa vixente Constitución e coa promulgación do noso primeiro Estatuto de Autonomía, a Acta de Adhesión de España ás devanditas Comunidades Europeas, conforma un dos piares do período de paz e prosperidade máis longo e vizoso da nosa historia contemporánea.

Dende aquela, Galicia medrou, mellorou e se modernizou en todos os parámetros socioeconómicos, como nunca antes nun lapso temporal tan breve. Na esperanza de vida dos galegos, no nivel de formación da nosa mocidade, no PIB, na renda per cápita, no capital social fixo acumulado ou na sensibilización medioambiental, os estímulos financeiros pero tamén normativos da Unión Europea foron determinantes para nós.



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/04/2018 18:01
Nº Rexistro: 29902
Data envío: 23/04/2018 18:01:22.845

E é por iso que apoiamos a preservación da cohesión económica, social e territorial europea, como mostra do espírito de fraternidade cotiá da nosa Unión. Sen estes estímulos mesmo a rápida construción da Eurorrexión luso-galaica tería sido extremadamente dificultosa.

Agora a Unión Europea atópase perante dunha encrucillada cunha natureza moi distinta ás das que foi superando ao longo da súa curta existencia. Por vez primeira un Estado da Unión vai abandonala, cadrando coa proliferación de correntes xenófobas e populistas, que combaten o nobre ideal do irmandamento europeo de fraternidade que asumiron os pais fundadores da Unión.

Neste entorno, o mantemento da construción europea precisa de azos anovados para seguir construíndo unha Unión integrada, que manteña o cerne do modelo social europeo, en defensa dos seus principios, obxectivos e valores de respecto á dignidade humana, liberdade, democracia, Estado de Dereito e respecto dos Dereitos Humanos. Estes valores son comúns aos Estados membros nunha sociedade caracterizada polo pluralismo, a non discriminación, a tolerancia, a xustiza, a solidariedade e a igualdade entre homes e mulleres. Porque a meirande ameaza á Unión Europea non procede do exterior senón das tensións internas, dos egoísmos nacionalistas, da desunión e do pensar cativo. Desafíos e retos como o cambio climático, a loita universal polos inalienables dereitos das mulleres e as nenas, das minorías, das persoas con diversidade funcional e das persoas con diversa orientación sexual e afectiva, entre outros colectivos historicamente preteridos, esixen tamén unha maior e mellor integración europea.

Por todo isto o Grupo parlamentario Popular presenta a seguinte Proposición Non de Lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento de Galicia

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/04/2018 18:01
Nº Rexistro: 29902
Data envío: 23/04/2018 18:01:22.845

1- Acorda proclamar o seu decidido apoio ao proceso de integración europea, para culminar axiña unha Unión máis estreita, un mercado interior tan eficiente como equitativo e xusto e unhas Institucións que enchan plenamente de contido a divisa de “Unida na diversidade”, que sintetiza o cerne da nosa Unión.

2- Nese sentido, insta á Xunta de Galicia a desenvolver a súa acción exterior e as súas demandas ante as institucións europeas a través dos seguintes principios:

- Reforzar o principio de confianza mutua e cooperación leal entre os Estados membros que compoñen a Unión Europea, en todos os eidos e todos os ámbitos. Estes principios vinculan inexorablemente a todos os poderes públicos de todos os Estados membros e son indispensables para garantir de xeito efectivo os dereitos, liberdades e principios enunciados na Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea.

- Manifestar a necesidade de vigorizar a diversidade cultural e lingüística europea, igualmente amparada no artigo 3 do Tratado da Unión e no 165 e 167 do seu Tratado de funcionamento.

- Intensificar a cohesión económica, social e territorial inserida nos artigos 174 e concordantes deste último Tratado, en especial no que atinxe ao mantemento das políticas de cohesión, ao reforzo das políticas de cooperación transfronteiriça e ao impulso das conexións ferroviarias.

- Afondar na subsidiariedade, pensando en especial nas rexións, estados federados e comunidades con competencias lexislativas, que debe materializarse en novos pulos ao Comité das Rexións, elevando as súas competencias, mellorando a súa interlocución co Parlamento Europeo, co Consello e coa Comisión Europea, dotándoo de plena lexitimación perante o Tribunal de Xustiza, e todo en liña co plasmado na vixente Estratexia Galega de Acción Exterior.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/04/2018 18:01
Nº Rexistro: 29902
Data envío: 23/04/2018 18:01:22.845

- Reclamar unha mellor arquitectura da Unión Económica e Monetaria, que permita afrontar coa debida seguridade hipotéticas crises futuras e actuar proactivamente para defender os dereitos sociais dos nosos cidadáns, con iniciativas como a cofinanciación dos seguros de desemprego e a verdadeira europeización da formación profesional e da educación en xeral das novas xeracións, nun mercado interior idéntico en esencia a calquera mercado nacional”.

Santiago de Compostela, 23 de abril de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 23/04/2018 17:51:42

Paula Prado Del Río na data 23/04/2018 17:51:54

Jacobo Moreira Ferro na data 23/04/2018 17:52:12

César Manuel Fernández Gil na data 23/04/2018 17:52:32

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 23/04/2018 17:52:39

Alberto Pazos Couñago na data 23/04/2018 17:52:46

María Julia Rodríguez Barreira na data 23/04/2018 17:53:02

María Isabel Novo Fariña na data 23/04/2018 17:53:17

Antonio Mouriño Villar na data 23/04/2018 17:54:03

María Guadalupe Murillo Solís na data 23/04/2018 17:54:42

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/04/2018 18:01
Nº Rexistro: 29902
Data envío: 23/04/2018 18:01:22.845

Cristina Isabel Romero Fernández na data 23/04/2018 17:54:50

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 23/04/2018 17:54:57

José González Vázquez na data 23/04/2018 17:55:12

Gonzalo Trenor López na data 23/04/2018 17:55:27

Sandra Vázquez Domínguez na data 23/04/2018 17:55:54

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.05.2018 Hora: 10:00
Orde do día

6. Interpelacións

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.05.2018 Hora: 10:00
Orde do día

6.1 9314 (10/INT-000394)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as consecuencias no mercado financeiro galego da
posible venda do Banco Popular

Publicación da iniciativa, 120, 31.05.2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/05/2017 12:32
Nº Rexistro: 9314
Data envío: 19/05/2017 12:32:00.555

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa ao proceso e consecuencias da venda do Banco Popular.

Ante a fonda crise do sector financeiro que explota no 2008, no comezo da crise económica, lonxe de emprender unha reforma no camiño de reforzar a transparencia, a intervención, o control e tutela pública que evitara de novo as expansión das burbullas financeiras, os principais partidos do Estado español pactaron unha “reestruturación”. Esta reestruturación tivo o obxectivo de concentrar e centralizar o sector financeiro, privatizando e bancarizando as caixas de aforros e reducindo o número de entidades, sometidas ademais á supervisión única de institucións centrais do Estado.

A normativa reguladora que sustentou a reestruturación, baixo os citados criterios de concentración, centralización e bancarización do sistema financeiro, foi acordada a nivel estatal por PP e PSOE desde o seu inicio. Baixo esta óptica, levouse a cabo un proceso que para Galiza tivo nefastas consecuencias, sendo a máis clara e evidente a perda das caixas de aforros e a perda da galeguidade e absorción de entidades bancarias como o Banco Pastor ou o Banco Gallego.

Recentemente, diversos medios de comunicación informaban da posíbel venda, do grupo que absorbeu ao Banco Pastor, o Banco Popular, segundo operador bancario en Galiza a continuación de Abanca.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/05/2017 12:32
Nº Rexistro: 9314
Data envío: 19/05/2017 12:32:00.555

O Banco Popular conta en Galiza con arredor dun milleiro de empregados, unha ampla rede comercial con máis de 200 sucursais e cun volume de negocio de aproximadamente 21.000 millóns de euros, sumando créditos e depósitos, o que supón unha cota de mercado do 20%.

De consumarse esta venda, suporía un novo chanzo no citado proceso de reestruturación bancaria iniciada coa crise. Neste caso, a compra do Banco Popular -previsibelmente por algún operador xa radicado na Galiza- suporía avanzar un paso máis na concentración, centralización e oligopolio bancario.

Antes do proceso de reestruturación bancaria existía arredor de dez entidades –ben fosen caixas ou bancos- cunha ampla implantación no conxunto do país. Porén, se tal e como apuntan diversas fontes, o Banco Popular é mercado por algún dos principais bancos xa implantados en Galiza, tería como consecuencia que arredor do 90% do mercado financeiro galego quedaría en mans de media decena de bancos, o que é a clara mostra dun mercado oligopólico.

Doutra banda, de a entidade ser mercada por un operador xa implantado en Galiza, existirán duplicidades da rede en múltiples localidades polo cal é máis que probábel que os novos propietarios da entidade leven a cabo un proceso de axustes na rede que suporá peche de oficinas e redución de cadros de persoal, polo que se producirán con toda probabilidade despedimentos de persoal, o que está a producir unha lóxica preocupación entre as súas traballadoras e traballadores, aos cales non se lles ten trasladado ningunha información.

Por todo isto fórmulase a seguinte Interpelación:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/05/2017 12:32
Nº Rexistro: 9314
Data envío: 19/05/2017 12:32:00.555

-Considera a Xunta de Galiza que o mercado financeiro galego pode considerarse un oligopolio?

-Considera a Xunta de Galiza a concentración bancaria – e polo tanto a redución da oferta- que se está a producir é beneficioso para os clientes e usuarios de servizos financeiros?

-A que cre a Xunta de Galiza que é debida a grande concentración de entidades financeiras en Galiza?

-Considera a Xunta de Galiza de xeito positivo os efectos da reestruturación bancaria?

Santiago de Compostela, 19 de maio de 2017

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/05/2017 12:32
Nº Rexistro: 9314
Data envío: 19/05/2017 12:32:00.555

Noa Presas Bergantiños na data 19/05/2017 12:28:17

Olalla Rodil Fernández na data 19/05/2017 12:28:25

Xose Luis Rivas Cruz na data 19/05/2017 12:28:29

María Montserrat Prado Cores na data 19/05/2017 12:28:36

Xosé Luis Bará Torres na data 19/05/2017 12:28:38

Ana Pontón Mondelo na data 19/05/2017 12:28:41

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.05.2018 Hora: 10:00
Orde do día

6.2 21522 (10/INT-000734)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a política do Goberno galego en relación coas
enfermidades profesionais

Publicación da iniciativa, 229, 19.12.2017



Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte INTERPELACIÓN.

O recoñecemento e identificación das enfermidades profesionais resulta totalmente fundamental, non só para os propios dereitos da clase traballadora, se non tamén para o sistema preventivo e o Sistema Público de Saúde.

O sindicato de Comisións Obreiras, ven denunciando dende fai tempo a necesidade dun mapa real de enfermidades profesionais para identificar as mesmas e actuar sobre elas, tanto no ámbito do tratamento como o da propia prevención.

Algúns dos problemas que detectan para o tratamento e prevención son en relación a enfermidades como a abestose e a silicose.

No caso do amianto, ao non saber os sitios onde pode existir ou atoparse, resulta difícil levar a cabo unha extracción segura do mesmo, ademais de estar comezando a aparecer casos de persoas afectadas por esta enfermidade que non se atopaban necesariamente en contacto directo co mineral.

No caso da silicose denuncian un repunte deste enfermidade profesional, segundo os propios datos do ISSGA no ano 2016, sobretudo na provincia de Ourense. Avisan de que os novos compostos como o silistone multiplica a sílice en relación coa pedra natural e os casos aparecen tamén a idades mais tempranas. En definitiva, trátase de procesos mais acelerados ao non ser a concentración natural dos minerais.

A estas consideracións é necesario engadir o sesgo de xénero aplicado en moitas ocasións ás traballadoras, como por exemplo no caso da silicose, onde segundo



as propias medicións da Xunta os niveles de exposición son os mesmos pero os coeficientes redutores son menores.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea INTERPELA:

- Ten a Xunta de Galicia un mapa global das enfermidades profesionais e riscos laborais?
- Si non o ten, cales son as medidas que pensa levar a cabo para telo?
- Que medidas vai a tomar ante os datos de ISSGA que indican un repunte e unha modificación do patrón de incidencia?
- Pensan abrir unha unidade de asbestose para a zona sur de Galicia?
- Pensan dotar as unidades de asbestose para atender outros casos de pneumoconioses como a derivada da exposición ao silicio?
- Pensan dotar ao ISSGA de medios suficientes para poder exercer un control máis rigoroso?

Santiago de Compostela, 14 de decembro de 2017.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:



Eva Solla Fernández na data 14/12/2017 17:01:10



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/12/2017 17:02
Nº Rexistro: 21522
Data envío: 14/12/2017 17:02:52.483



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.05.2018 Hora: 10:00
Orde do día

6.3 28982 (10/INT-000936)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 2 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación coa incidencia
urbanística do Regulamento xeral de estradas de Galicia

Publicación da iniciativa, 293, 18.04.2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/04/2018 09:59
Nº Rexistro: 28982
Data envío: 09/04/2018 09:59:28.126



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

María Luisa Pierres López, Raúl Fernández Fernández e Patricia Vilán Lorenzo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A nova regulación normativa das estradas en Galicia está a provocar importantes, e graves, incidencias na súa aplicación, afectando aos dereitos e deberes urbanísticos da veciñanza galega.

Da nova regulación se derivan unha serie de prohibicións e limitacións que están a afectar as condicións urbanísticas de moitas parcelas. En concreto existe unha prohibición que afecta a parcelas lindeiras coas estradas provinciais e autonómicas, en todo tipo de solos, sexa cal sexa a súa clasificación.

A Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia determina no seu artigo 52 que “a administración titular da rede poderá limitar e ordenar os accesos ás estradas e establecer, con carácter obrigatorio, os lugares e as condicións en que tales accesos se poidan construír, atendendo á normativa vixente e aplicando criterios de intensidade de tráfico, seguridade viaria e de funcionalidade e explotación da estrada. En todo caso, será prioritario o emprego de accesos existentes”.

Esta regulación é moi similar ao réxime establecido para as autorizacións de novos accesos por parte das administracións titulares das estradas, que se recollía na normativa anterior, a Lei 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia.

O Regulamento xeral de estradas de Galicia, aprobado polo Decreto 66/2016, vai máis aló do establecido na Lei 8/2013, e no seu artigo 137 establece que “as parcelacións e segregacións de parcelas lindeiras coas estradas só se poderán autorizar cando o acceso rodado de todas as novas parcelas xeradas se resolva a través doutras vías distintas das estradas”.

Polo tanto, o Regulamento de desenvolvemento non está a ser concorde ca lei aprobada ao respecto e vén supor unha modificación da propia lei, xa que coa previsión incluída no artigo 137, está a prohibir as parcelacións e segregacións de parcelas con fronte a estradas provinciais e autonómicas, cando non haxa alternativa de acceso por vías doutra titularidade pública, o que non se recollía na Lei do 2013, e tampouco se recolle na regulación das estradas de titularidade estatal.

Xa se teñen dado en diferentes concellos casos de parcelacións non autorizadas polos titulares de estradas non municipais, ante a imposibilidade de acceder a estas parcelas por vías alternativas.

Un cambio polo tanto normativo, en principio sen carácter urbanístico, provoca, de facto, unha recualificación urbanística, xa que con esta imposibilidade de autorización, desaparece a posibilidade de parcelación de fincas que cumprían todos os requisitos da normativa urbanística para dita parcelación.

Esta imposibilidade de parcelación ou segregación, que lembremos ten como fin último a edificación conforme o artigo 148 da Lei 2/2016, do solo de Galicia, implica de forma clara e nítida unha modificación do réxime de dereitos e deberes dos e das propietarias.

Desta forma un decreto autonómico, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia en reunión do 26 de maio de 2016, a proposta da persoa titular da Consellería de Infraestruturas e Vivenda, non só inclúe unha regulación moi diferente á lei sectorial que desenvolve regulamentariamente, senón que modifica o contido e efectos de toda a normativa urbanística en vigor en moitos, por non dicir, todos os concellos de Galicia.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan interpelean ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Considera o Goberno que o artigo 137 do Regulamento de estradas de Galicia é congruente e respectuoso coa normativa legal existente?



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/04/2018 09:59
Nº Rexistro: 28982
Data envío: 09/04/2018 09:59:28.126



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

2. Ten valorado as consecuencias que ten para Galicia?
3. É coñecedor dos problemas e cambios de cualificación urbanística para moitas parcelas en todo o ámbito galego?
4. Levou a cabo algún proceso previo de información ou colaboración ao respecto desta cuestión concreta con outras administracións?
5. Con que informes previos se contou? Neses informes, valorouse a incidencia deste artigo 137?
6. Ten pensado tomar algunha medida para anular a regulación contida no artigo 137 do Regulamento xeral de estradas de Galicia?

Pazo do Parlamento, 6 de abril de 2018

Asdo.: María Luisa Pierres López
Raúl Fernández Fernández
Patricia Vilán Lorenzo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 09/04/2018 09:49:33

Raúl Fernández Fernández na data 09/04/2018 09:49:38

Patricia Vilán Lorenzo na data 09/04/2018 09:49:42

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.05.2018 Hora: 10:00
Orde do día

7. Preguntas para resposta oral do Presidente da Xunta

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.05.2018 Hora: 10:00
Orde do día

7.1 30278 (10/POPX-000088)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da
modificación da súa política en relación coa lingua galega



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/04/2018 18:26
Nº Rexistro: 30278
Data envío: 30/04/2018 18:26:05.650

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, portavoz do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara e das normas supletorias do 17 de marzo de 2015, formula a seguinte **PREGUNTA** dirixida ao **Presidente do Goberno**, para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

PREGUNTA AO PRESIDENTE:

Sr Feijóo, ten previsto cambiar a súa política de “asfixia cordial” que provoca que o galego sexa a única lingua do Estado que perde falantes?

Santiago de Compostela, 30 de abril de 2018

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 30/04/2018 18:23:11

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.05.2018 Hora: 10:00
Orde do día

7.2 30279 (10/POPX-000089)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María

Sobre a avaliación do Goberno galego respecto das súas
políticas en relación coa corrección dos desequilibrios
territoriais internos de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/04/2018 18:26
Nº Rexistro: 30279
Data envío: 30/04/2018 18:26:20.681



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Xoaquín Fernández Leiceaga, portavoz do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152.2, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**, dirixida ao **Sr. presidente da Xunta de Galicia**.

Sr. presidente, que avaliación fai das súas políticas en relación coa corrección dos desequilibrios territoriais internos a Galicia?

Pazo do Parlamento, 30 de abril de 2018

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 30/04/2018 16:38:49

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.05.2018 Hora: 10:00
Orde do día

7.3 30280 (10/POPX-000090)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis

Sobre as intencións da Xunta de Galicia respecto do uso de
xeito partidario dos medios públicos para facer campaña
electoral

Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira, Voceiro do **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **PREGUNTA**, para a súa resposta **oral en Pleno**, dirixida ao **Presidente da Xunta de Galicia**.

Sr. Presidente, pretende continuar utilizando de forma partidaria a Xunta, e os medios públicos da mesma, para facer campaña electoral aos candidatos do seu partido?

Santiago de Compostela, 30 de abril de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 30/04/2018 18:04:30

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.05.2018 Hora: 10:00
Orde do día

8. Preguntas ao Goberno

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.05.2018 Hora: 10:00
Orde do día

8.1 30240 (10/PUP-000161)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para o asinamento dun protocolo co Ministerio de Fomento, Portos do Estado e a Autoridade Portuaria da Coruña para a xestión do borde litoral da cidade da Coruña

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, Luis Bará Torres, Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores, Xosé Luis Rivas Cruz e Olalla Rodil Fernández, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, polo trámite de **urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola preocupación xerada entre a cidadanía da Coruña pola sinatura dun protocolo que condiciona o modelo de cidade e hipoteca a xestión do borde litoral durante décadas.

Na Coruña existe un vivo e intenso debate en relación co futuro do borde litoral da cidade, desde os terreos da Solaina e Hotel Finisterre até os peiraos de Calvo Sotelo, Batería e San Diego. Trátase sen dúbida dun asunto relevante que condiciona o modelo de cidade e hipoteca a xestión do borde litoral durante décadas.

Unha decisión deste calibre non pode facerse de costas á cidadanía e de maneira unilateral por parte de institucións en mans do PP. Porén, o “Protocolo



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/04/2018 17:26
Nº Rexistro: 30240
Data envío: 30/04/2018 17:26:00.197

de actuación" asinado entre Fomento, Xunta, Portos do Estado e a Autoridade Portuaria da Coruña (APAC) vai precisamente nesa equivocada dirección e non pode servir como punto de partido por ser unha vergoña e un latrocinio para a cidade da Coruña.

Desde o BNG consideramos que este Protocolo é un disparate porque os terreos do Porto son propiedade da cidade da Coruña, supón consolidar un modelo especulativo fracasado que aposta pola construción de milleiros de vivendas e centros comerciais nunha cidade na que hai milleiros de vivendas baleiras e cunha evidente saturación de grandes superficies comerciais, e demostra tamén até que punto chega a subordinación do señor Feixóo ao Goberno do Estado, que está disposto a sacrificar os intereses dos e das coruñesas nunha cuestión de tanta relevancia como é a súa fachada portuaria.

Os terreos que hoxe ocupan as instalacións portuarias son propiedade da cidade da Coruña, que os cedeu ao Porto para o seu desenvolvemento en beneficio da cidade. Así que, como é obvio en calquera democracia avanzada, eses terreos no momento en que deixen de ser de uso portuario, teñen que reverter ao seu lexitimo propietario: a cidade da Coruña sen custe de ningún tipo, nin para a cidade, nin para a Xunta de Galiza.

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través dos deputados e deputadas asinantes, formula a seguinte pregunta para a súa resposta



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/04/2018 17:26
Nº Rexistro: 30240
Data envío: 30/04/2018 17:26:00.197

oral ante o Pleno, dirixida á Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do territorio, polo trámite de urxencia:

Que razóns levan á Xunta a asinar un protocolo con Fomento, Portos do Estado e a Autoridade Portuaria da Coruña que vai contra o interese xeral de Galiza, hipotecando a xestión do borde litoral da cidade da Coruña durante décadas?

Santiago de Compostela, 30 de abril de 2018

Asdo.: Ana Pontón Mondelo

Luis Bará Torres

Xosé Luis Rivas Cruz

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/04/2018 17:26
Nº Rexistro: 30240
Data envío: 30/04/2018 17:26:00.197

Ana Pontón Mondelo na data 30/04/2018 17:25:25

Xosé Luis Bará Torres na data 30/04/2018 17:25:29

Xose Luis Rivas Cruz na data 30/04/2018 17:25:33

Olalla Rodil Fernández na data 30/04/2018 17:25:36

Noa Presas Bergantiños na data 30/04/2018 17:25:40

María Montserrat Prado Cores na data 30/04/2018 17:25:42

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.05.2018 Hora: 10:00
Orde do día

8.2 29131 (10/POP-003424)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para garantir o futuro do servizo ferroviario Renfe-Feve, a súa planificación e xestión

Publicación da iniciativa, 293, 18.04.2018

Á Mesa do Parlamento

